

**CONCELLO DE
SANTIAGO**



**PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS
DO SUBMINISTRO DO VESTIARIO
E DOS EQUIPOS COMPLEMENTARIOS E DE
PROTECCIÓN PARA A
POLICÍA LOCAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA O SUBMINISTRO DO VESTIARIO
E DOS EQUIPOS COMPLEMENTARIOS E DE PROTECCIÓN PARA A POLICÍA LOCAL**

PARTE PRIMEIRA. Obxecto do contrato e condicións xerais das ofertas.

PARTE SEGUNDA. Anexo de condicións específicas das ofertas.

Relación de pezas e equipos complementarios:

A) UNIFORMIDADE DE GALA.

B) UNIFORMIDADE DE TRABALLO, EQUIPOS COMPLEMENTARIOS E DE PROTECCIÓN.

1.- POLO DE MANGA LONGA.

2.- POLO DE MANGA CURTA.

3.- CAMISETA TÉRMICA DE PESCOZO ALTO (“SUÉTER DE TIPO POLAR”).

4.- CAMISETA INTERIOR DE MANGA CORTA.

5.- ANORAK – CHAQUETÓN CON FORRO POLAR DESMONTABLE.

6.- CAZADORA TIPO POLAR.

7.- PANTALÓN DE FAENA PARA VERÁN.

8.- PANTALÓN DE FAENA PARA INVERNO.

9.- PANTALÓN TÉRMICO.

10.- GORRA TIPO BÉISBOL.

11.- BOTAS DE MEDIA CANA PARA INVERNO.

12.- BOTAS DE MEDIA CANA PARA VERÁN.

13.- ZAPATO PARA INVERNO.

14.- ZAPATOS PARA VERÁN.

15.- CALCETÍNS DE INVERNO.

16.- CALCETÍNS DE VERÁN.

17.- CUBREPANTALÓN DE AUGAS.

18.- CINTO PARA PANTALÓN DE FAENA (DOBRE CINTO).

19.- COMPLEMENTO REFLECTOR DE ALTA VISIBILIDADE.

20.- BUFANDA/BRAGA TUBULAR PROTECTOR.

21.- LUVAS ANTICORTE.

22.-CHALECO PERSOAL DE PROTECCIÓN ANTIBALA EXTERIOR.

23.-CHALECO PERSOAL DE PROTECCIÓN ANTIBALA INTERIOR.

24.- PARKA IMPERMEABLE DE ALTA VISIBILIDADE.

25.- DEFENSA FIXA SEMIRÍXIDA CON TAHILÍ.

26.- GRILLETES RÍXIDOS PLEGABLES CON FUNDA.

27.- LANTERNA INDIVIDUAL CON FUNDA.

28.- FUNDA ANTIFURTO.

29.- ARNÉS TÁCTICO PARA FUNDA EN MUSLO.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

30. - BATERÍA PARA LANTERNA INDIVIDUAL.

31. - CARTERIA PORTA DOCUMENTACIÓN.

32. - DEFENSA EXTENSIBLE CON FUNDA.

33. - LUVAS TÉRMICAS.

34. - MOCHILA TRANSPORTE DE MATERIAL.

35. - MULTIFERRAMENTAS.

36. - PETO REFLECTOR ALTA VISIBILIDADE

1º- Obxecto do contrato:

O obxecto do contrato é a adquisición e subministración ao Concello de Santiago de Compostela do VESTIARIO LABORAL E EQUIPOS COMPLEMENTARIOS E DE PROTECCIÓN PARA POLICÍA LOCAL descritos no ANEXO, que define as características da subministración das pezas de uniformidade, calzado e de determinados complementos ou equipamentos de traballo e de protección, sendo algúns de estes considerados como Equipos de Protección Individual (E.P.I.).

Os licitadores deberán presentar oferta á totalidade das pezas ou equipamentos previstos no prego de acordo coa distribución en lotes proposta. Non se admitirán ofertas que non recollan a totalidade de pezas e equipos dentro de cada lote.

2º- Características:

Os elementos suxeitos ao contrato serán os relacionados e definidos no ANEXO adxunto e coas características técnicas reflectidas no mesmo. O non cumprimento dos mínimos esixidos neste prego dará lugar á exclusión do licitador.

Os requirimentos técnicos mínimos para os tecidos e elementos que conforman as pezas de vestuario e uniformidade son os especificados no ANEXO. Igualmente, os requirimentos técnicos mínimos para os complementos e os equipos de protección serán os especificados no ANEXO.

As ofertas dos licitadores poderán incrementar a calidade e as prestacións dos artigos complementarios e de protección e das pezas de uniformidade, dos materiais ou das técnicas de confección empregadas que supoñan melloras substanciais, por exemplo no incremento da ergonomía ou da durabilidade das pezas, así como en maiores complementos e opcións nas pezas. As pezas para fornecer terán sempre o mínimo esixido neste prego en canto a calidade e composición do tecido e aparencia.

3º- Prazo de entrega:

O adxudicatario entregará a parte de subministración que lle sexa solicitado polo Concello de Santiago, no prazo máximo de 30 días hábiles dende a sinatura do contrato e nas dependencias da Policía Local de Santiago de Compostela, na rúa Trindade, s/n.

4º- Forma do pedido:

O contratista queda obrigado a entregar os bens obxecto da subministración con suxeición ao establecido nos pregos que rexen a adxudicación e aos compromisos que asumise na súa oferta.

O adxudicatario realizará a entrega individualizada e personalizada do lote correspondente a cada axente (ou de cada peza, se non fose posible para a totalidade do pedido) e virá embalado en caixa individual que estará identificada mediante número de axente e coa relación dos artigos que contén a caixa ou embalaxe. De non facelo así, a mercadoría será devolta.

Non se admitirá ningunha subministración realizada polo adxudicatario fóra das condicións estipuladas no contrato. Para ese efecto, previa realización do informe correspondente polo responsable do contrato motivando as razóns en cuxa virtude non se cumpran as determinacións contractuais, procederase á súa

devolución. En ningún caso o Concello se fará cargo dos gastos que se lle tivese causado ao contratista por razón da subministración realizada nin polos que se xeren como consecuencia da devolución.

Antes de aceptar as diferentes entregas, poderase levar a cabo, conxuntamente, ou non, co destinatario final das pezas, un exame das mesmas para a comprobación do seu estado, rexeitando aquelas que presenten danos apreciábeis a primeira ollada, como tallaxe errónea, manchas, roturas, etiquetaxe incompleta ou errónea, danos no peche ou costuras, deficiencias na impresión das diferentes lendas, etc., debendo o contratista cambiar, repoñer ou emendar ditas deficiencias ou desconformidades de acordo co especificado no apartado 6 deste prego.

5º- Toma de tallas:

O licitador que resulte adxudicatario deberá tomar a tallaxe, como máximo, nos 10 días hábiles seguintes á formalización do contrato. Para iso fixarase un calendario de forma conxunta entre o adxudicatario e os responsables designados pola Xefatura da Policía Local de Santiago. O calendario para a toma de tallas será dentro do horario da xornada laboral, nas diferentes quendas de traballo, sempre que as circunstancias o permitan e dentro das instalacións policiais.

Os licitadores comprométese a fornecer todas as tallas necesarias, e se non existisen como talla normalizada, por exceso ou defecto, mesmo a confeccionala de forma personalizada por xastre, incluíndo o calzado se fose necesario a fabricación artesanal de algún número que estivese fóra dos estándares máis comúns.

Así mesmo, o adxudicatario deberá adaptar o vestiario ás características específicas do xénero feminino.

6º-Arranxos e substitucións:

A subministración obxecto do contrato recibírase polo servizo correspondente, tendo un prazo de 15 días hábiles para a súa devolución se non cumpre as condicións establecidas, número de unidades fornecidas, tallas, calidades, etc.

No prazo máximo de 5 días naturais desde a devolución, o contratista estará obrigado a modificar, arranxar ou substituír, aqueles uniformes, pezas, calzado ou complementos que non se axusten ás tallas dos traballadores que debidamente o acrediten.

Os cambios de pezas debidos a defectos de fabricación, correrán por conta do adxudicatario, sendo repostos nun prazo máximo de tamén 5 días naturais desde a devolución dos mesmos.

Serán a cargo do subministrador todos os gastos que derive da devolución como gastos de transporte, empacitado, etc.

7º- Entrega dos pedidos, dos albaráns e facturación:

Entregaranse os pedidos, xunto co seu correspondente albarán que estará numerado. O albarán detallará o número de unidades, o tipo de pezas ou equipamentos e os demais datos importantes do pedido subministrado.

Posteriormente procederáse á facturación dos pedidos entregados, recollendo en dita factura o/os números de identificación dos albaráns e as unidades fornecidas.

8º- Outras obrigas:

8.1.- O adxudicatario designará a un representante único para manter unha interlocución permanente con esta Policía Local de Santiago, con poderes suficientes para a resolución de defectos, problemas, inconvenientes, etc que poden xurdir na execución do obxecto do presente contrato.

8.2.- O adxudicatario só usará os datos cedidos polo concello, unicamente, aos efectos específicos de poder cumprir co contrato e para poder prestar o servizo nas condicións requiridas. O adxudicatario está obrigado a non utilizar o nome nin os símbolos identificativos desta Policía Local, nin calquera outro dato obtido, nas súas relacións con terceiras persoas, a efectos alleos distintos da finalidade específica do contrato do adxudicatario co Concello, facéndose responsable das obrigacións que contraia.

9º- Tallas das pezas e complementos:

De non indicarse de forma específica no apartado relativo a cada tipo de peza, as tallas adecuaranse aos estándares xenéricos aplicables aos mesmos. A distribución por tallas das pezas para fornecer determinarase polo Contratista ao realizar o tallaxe de cada peza ou compoñente.

O adxudicatario está obrigado a entregar as pezas de aquelas tallas especiais que lle sexan solicitadas nos mesmos prazos de entrega dos previstos no prego.

10º- Mostras a presentar polos licitadores:

Os licitadores están obrigados á presentación de dúas mostras de todos os artigos (tanto das pezas de uniformidade como tamén dos complementos de traballo e de protección) ofertados e expostos neste prego de condicións que, con independencia das melloras de calidades ou características técnicas que poidan ofertarse, deberán respectar o deseño básico da peza descrita.

En relación aos emblemas e logotipo, poderanse presentar incorporados ás pezas ou en peza solta, ao obxecto de comprobar que se axusta ao esixido. E o que resulte finalmente ser o adxudicatario terá un prazo de 5 días hábiles, unha vez formalizado o contrato para presentar as mostras cos emblemas, logotipos e anagramas colocados nas distintas pezas para a aprobación por parte da Xefatura da Policía Local.

As mostras deberán presentarse perfectamente etiquetadas, indicando claramente na súa embalaxe de que artigo se trata. Tamén se enviará un índice ou relación detallada dos produtos entregados.

Na presentación das mostras non se poderá mesturar pezas de tempadas diferentes (inverno/verán) no mesmo colector, así como, pezas con complementos. As mostras de pezas de tempadas distintas deben enviarse e presentarse en contedores ou colectores distintos, separados, e rotulados en cada colector diferente e identificando o contido do mesmo no exterior.

11º- Documentación técnica a presentar por licitadores:

Para que as ofertas poidan ser examinadas se son válidas ou non e para que sexan valoradas, todos os licitadores deberán presentar unha documentación e unhas certificacións que acrediten o cumprimento de características e de requerimentos técnicos de todo o repertorio das pezas e dos artigos, en conformidade co esixido no ANEXO.

No caso de aquelas pezas de uniformidade, equipos e complementos concretos de traballo e de protección que poidan ter a consideración de Equipo de Protección Individual (E.P.I.) aos efectos do establecido na

normativa e segundo o esixido e especificado no propio ANEXO deste prego en cada un dos seus apartados (calzado, luvas de protección, roupa e pezas de alta visibilidade, complementos, etc) os licitadores deberán presentar a documentación específica acreditativa da súa comercialización como EPI polo seu respectivo fabricante ou responsable (a declaración CE/UE de conformidade do fabricante do EPI coa normativa aplicable de EPI, a certificación ou o informe de ensaio de laboratorio ou organismo notificado ou do resultado do exame CE de tipo, etc). No caso concreto de aqueles artigos ofertados por licitadores que sexan novidosos no mercado (artigos que todavía non fosen comercializados e certificados como EPI) e que sexan ofertados estando todavía en trámite de obter as certificacións necesarias como EPI, os licitadores deberán presentar xunto coas mostras e xunto coa documentación descritiva da súa oferta, o documento de compromiso de que en caso de resultar adxudicatarios, deberán obter ditas certificacións como EPI do seu artigo ofertado. Neste caso concreto, o que resulte designado como adxudicatario deberá aportar ao concello ditos certificados como EPI (a declaración CE/UE de conformidade do EPI coa normativa aplicable de EPI, a certificación ou o informe de ensaio de laboratorio ou do exame CE de tipo do EPI, etc). no prazo de un mes trala adxudicación.

Sen prexuízo da documentación que tamén se esixe concretamente no ANEXO deste prego e de aquela outra que sexa obrigatoria por aplicación de normativa, de forma concreta, xunto coas mostras dos artigos ofrecidos polos licitadores e para cada unha de eles, deberá presentarse unha documentación técnica e tamén descritiva/informativa relativa como mínimo aos seguintes aspectos, en castelán ou en galego:

- a) A composición dos tecidos e/ou materiais utilizados para a súa elaboración.
- b) Instrucións de uso, conservación, limpeza e mantemento das pezas.
- c) Nas ofertas de pantalón, polo de manga curta, polo de manga longa, calcetíns, chaquetón impermeable, cazadora con forro desmontable, camiseta térmica e pantalón impermeable, deberá indicarse o número de lavados para os que se garante a indemnidade da peza, en todos os seus aspectos.

d) Os Certificados que se indican no ANEXO, nos seus distintos apartados de cada unha das pezas e complementos de traballo e de protección, estendidos por Laboratorios ou Entidades Independentes cuxas áreas de ensaio se atopen debidamente acreditadas pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) cando estean establecidos en España ou ben no caso de laboratorios europeos por un Laboratorio da Unión Europea integrado na EA (European Cooperation for Accreditation, EA member) e acreditados pola autoridade ou organismo estatal establecido en dito país que sexa equivalente ao ENAC español. Con independencia do anterior, os laboratorios de ensaio responderán en todo caso ás características de competencia técnica e de acreditación/homologación especificadas no ANEXO.

En caso de que unha documentación estea redactada orixinalmente en un idioma extranxeiro, o licitador deberao acompañar da presentación do documento equivalente coa correspondente tradución do certificado ou do documento orixinal ao idioma castelán ou galego.

Nos devanditos certificados faranse constar os procedementos homologados e normalizados a través dos cales se obtiveron as avallacións obxecto da certificación (os procedementos que se solicitan son os que se indican nas características técnicas das pezas e dos equipos complementarios e de protección), enténdase por exemplo: Normas técnicas UNE, Norma UNE-EN, Norma BS, normas ISO, EN, etc.

Os licitadores serán responsables de que os certificados que se presentan son o resultado dos ensaios técnicos realizados sobre materias primas ou sobre produtos finais idénticos; tanto dos descritos na

documentación que achega o licitador como o das mostras presentadas polo mesmo no Concello de Santiago de Compostela. O Concello de Santiago poderá verificar estes feitos previamente á adxudicación.

e) Certificación que acredite que o licitador está en posesión do certificado ISO 9001:2000 para a loxística e distribución de pezas de vestiario.

f) Documentación do licitador e, se procede, do fabricante dos materiais, relativas a aquelas calidades dos materiais e das pezas ofertadas que xustifiquen o cumprimento das prescricións técnicas indicadas neste Prego e que teñan unha incidencia directa nas prestacións da peza, en canto a inocuidade dos compoñentes, peso, transpirabilidade, resistencia ao lavado, regulación térmica e outros aspectos que, segundo o Licitador, deben ser obxecto de consideración.

Así mesmo, sen prexuízo da anterior, cada peza ou mostra presentada debe fornecerse coa seguinte información escrita en castelán ou galego:

- Nome e dirección completa do fabricante e representante.
- Explicación de calquera pictograma, marcado e nivel de presentación.
- Instrucións de uso, limpeza, mantemento e almacenamento.

Toda a citada información e documentación facilitarase en papel e tamén en un soporte informático de almacenamento (nunha memoria flash usb ou pendrive usb).

12º- Melloras sobre características e requisitos mínimos:

As características ou prestacións das mostras presentadas e as indicadas na documentación achegada, que melloren os requisitos contidos neste Prego serán esixibles nas entregas dos artigos para fornecer posteriormente.

A parte de cumprir con estas melloras, se cumprirá tamén con todo o marcado nas características técnicas dos tecidos de cada prenda e requisitos mínimos de cada equipamento, a través dos certificados expedidos por unha empresa externa ao adxudicatario.

13º- Requisitos xerais das ofertas en materia de seguridade e saúde laboral:

En calquera caso, co fin de garantir unhas características aceptables en materia de seguridade e saúde laboral e para cumprir uns requisitos mínimos de prevención de riscos laborais, con respecto de algúns aspectos que sexan aplicables ao conxunto das pezas e dos artigos e complementos de traballo e de protección, ademais das que se citen de forma explícita nalgún dos apartados do presente prego, tamén deberán respectarse as seguintes normas:

REQUISITO / CARACTERÍSTICA	NORMA / REFERENCIA
Inocuidade dos compoñentes.	UNE-EN 14362. Textiles. Métodos para a determinación de certas aminas aromáticas derivadas de colorantes azoicos. Parte 1: Detección do uso de certos colorantes azoicos accesibles con e sen extracción de fibras.

REQUISITO / CARACTERÍSTICA	NORMA / REFERENCIA
----------------------------	--------------------

Inocuidade dos compoñentes.	<p>-Directiva 2002/61/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 19 de xullo de 2002, pola que se modifica por 19ª vez a Directiva 76/769/CEE do Consello, que limita a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos (colorantes azoicos).</p> <p>-R.D. 1406/1989, de 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos.</p> <p>-Orden PRE 730/2003 de 25 de marzo, pola que se modifica o anexo I do R.D. 1406/1989, de 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos, parafinas cloradas de cadea corta y colorantes azoicos.</p> <p>-Orden PRE/3159/2004, de 28 de setembro pola que se modifica o anexo I do Real Decreto 1406/1989, de 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos (métodos de ensaio de colorantes azoicos).</p>
------------------------------------	---

REQUISITO / CARACTERÍSTICA	NORMA / REFERENCIA
Roupa de sinalización e de alta visibilidade.	<p>UNE-EN 471:2004. Roupa de sinalización de alta visibilidade. Métodos de ensaio e requisitos.</p> <p>UNE-EN 471:2003+A1:2007.</p> <p>UNE-EN 471:2004+A1:2008.</p> <p>UNE-EN ISO 20471:2013. Roupa de alta visibilidade. Métodos de ensaio e requisitos.</p>

REQUISITO / CARACTERÍSTICA	NORMA / REFERENCIA
Designación de tallas para pezas de vestir.	<p>UNE-EN 13402:2002. Parte 1 e demais normas relacionadas. Designación de tallas para prendas de vestir. Parte 1: Termos, definicións e procedemento para a medición do corpo.</p>
Téxtiles. Código para etiquetaxe de conservación por medio de símbolos.	<p>UNE-EN ISO 3758:2005. Textiles. Código para etiquetado de conservación por medio de símbolos.</p> <p>UNE-EN ISO 3758:2012.</p> <p>UNE-EN ISO 3758:2012 V2.</p>

REQUISITO / CARACTERÍSTICA	NORMA / REFERENCIA
Roupas de protección: requisitos xerais.	<p>UNE-EN 340:2004. Roupas de protección. Requisitos xerais.</p> <p>UNE-EN ISO 13688:2013. Roupa de protección. Requisitos xerais.</p>

REQUISITO / CARACTERÍSTICA	NORMA / REFERENCIA
Calzado: Características xerais.	<p>UNE-EN ISO 20344:2005. Equipos de protección personal. Métodos de ensaio para calzado (ISO 20344:2004).</p> <p>UNE-EN ISO 20344:2012.</p> <p>UNE-EN ISO 20347:2005. Equipo de protección personal. Calzado de trabajo. Modificación 1. UNE-EN ISO 20347:2013.</p>
Calzado: resistencia ao deslizamento.	<p>UNE-EN 13287:2004. Equipos de protección individual. Calzado. Método de ensaio para a determinación da resistencia ao deslizamento.</p> <p>UNE-EN ISO 13287:2007. UNE-EN ISO 13287:2008.</p> <p>UNE-EN ISO 13287:2013.</p>

REQUISITO / CARACTERÍSTICA	NORMA / REFERENCIA
Calzado: resistencia á abrasión dos cordóns.	UNE-EN ISO 22774:2005. Calzado. Métodos de ensaio para accesorios: Cordóns. Resistencia á abrasión (ISO 22774:2004)
Calzado: resistencia á corrosión dos compoñentes.	UNE-EN ISO 22775:2005. Calzado. Métodos de ensaio para accesorios: accesorios metálicos. Resistencia á corrosión.
Calzado: requisitos mínimos dos adhesivos para pel e outros materiais.	UNE-EN 1391:1999. Adhesivos para pel e materiais para calzado. Método para avaliar a aptitude ao pegado de materiais. Requisitos mínimos e clasificación de materiais. UNE-EN 15307:2007. Adhesivos para pel e materiais para calzado. Unións corte-piso. Requisitos mínimos de resistencia. UNE-EN 15307:2015.
Etiquetaxe dos materiais utilizados nos compoñentes principais do calzado.	Real Decreto 1718/1995, de 27 de outubro, polo que se regula o etiquetado dos materiais utilizados nos componentes principais do calzado.

Se considerarán válidas as normas e referencias técnicas especificadas en concreto na táboa anterior coas súas respectivas versións, edicións e datas de edición e publicación, e tamén se considerarán como válidas aquelas normas e referencias técnicas que se publiquen e actualicen con data de versión e de publicación posterior á que se recolle na táboa. Polo tanto, serán válidas aquelas normas e referencias técnicas que se publiquen en substitución ou mellora das que constan na táboa.

Debido a que algúns dos artigos e das pezas incluídos neste prego (tal como se detalla no ANEXO) están considerados como Equipos de Protección Individual (EPI), o adxudicatario deberán cumprir, sen prexuízo de outras, as seguintes obrigas:

-Todas as unidades de Equipo de Protección Individual (EPI) que se subministren contarán co marcado CE nas condicións que a normativa esixe.

- Todas as unidades de EPI deberán entregarse acompañadas do seu correspondente documento/folleto informativo individual destinado ao seu usuario cos contidos mínimos que a normativa establece. Debera estar en idioma castelán/galego ou se está redactado en varios idiomas, debera estar incluída tamén a versión redactada en castelán ou galego.

Todos os Equipos de Protección Individual (EPI) que o adxudicatario lle subministre ao concello deberán estar certificados polo seu fabricante ou responsable, en conformidade coa normativa que lle é de aplicación específica. Polo tanto, os artigos (pezas de uniformidade, calzado, luvas, e outros complementos de traballo e protección) que se consideran EPI no ANEXO, cumprarán co R.D. 1407/1992, de 20 de novembro de 1992, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual (EPI), de conformidade coa Directiva Europea 89/686/CEE. Tamén deberán cumprir co Regulamento Europeo UE 2016/425, de 9 de marzo de 2016, relativo aos Equipos de Protección Individual (EPI). Os certificados dos EPI serán redactados cos requisitos e cos contidos que na normativa de comercialización se establecen. O adxudicatario deberá entregar ao concello ditos certificados.

14º- Requisitos de arranxos individuais. Alerxias. Supostos de adaptacións especiais.

En calquera das pezas fornecidas a empresa adxudicataria realizará os arranxos necesarios. A título orientativo: baixos, mangas, cintura, cremalleiras, botóns, etc. Ao obxecto que as pezas fornecidas queden perfectamente adaptadas a cada usuario, debendo entregar as pezas unha vez efectuados os arranxos no prazo máximo esixido no prego para os mesmos.

Así mesmo, tamén realizará, cando sexa preciso, adaptacións ergonómicas, anatómicas ou morfolóxicas por circunstancias individuais de saúde, de calquera peza de vestiario ou de calzado.

15º- Réxime de devolución/depósito das mostras presentadas:

Unha vez formalizado o contrato de subministración, os licitadores que non resulten adxudicatarios poderán retirar as mostras presentadas unha vez transcorrido un mes dende a finalización dos prazos para a interposición de recurso sen que este se interpuxera.

Se transcorrido este prazo non fosen retiradas por estes, entenderase que renuncia á súa recuperación, podendo o Concello dispoñer delas na forma que estime conveniente, sen que poida reclamarse compensación algunha por iso.

As pezas presentadas polo adxudicatario quedarán depositadas para servir de referencia ao Concello.

Unha vez transcorrido o prazo de garantía poderán ser retiradas polo contratista. Transcorrido un mes dende a finalización deste prazo, de non ser retiradas, entenderase que se renuncia á súa recuperación, podendo o Concello dispoñer delas na forma que estime conveniente, sen que poida reclamarse compensación algunha por iso.

16º- Garantía de subministración:

Todos os produtos entregados deben contar cunha garantía mínima de 12 meses, que pode ser mellorada polos licitadores.

PARTE SEGUNDA. ANEXO. Condicións específicas das ofertas.

Neste prego se inclúen os dous tipos de vestiario laboral de policía local establecidos no artigo 12 do Decreto 60/2010, de 8 de abril, da Xunta de Galicia. Polo tanto neste anexo se establecen condicións específicas para a uniformidade de traballo e tamén para a uniformidade de gala ou de representación.

Así mesmo tamén se inclúen equipos complementarios da uniformidade e para a protección individual, como por exemplo, os chalecos de alta visibilidade e os chalecos de protección antibalas.

As oferta dos licitadores deberán axustarse ao disposto na Orde de 22 de xullo de 2010, da Xunta de Galicia, pola que se establece a descrición e características das distintas prendas de uniformidade dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local de Galicia, así como a imaxe corporativa dos corpos de policía local e tamén ao Decreto 60/2010, de 8 de abril, da Xunta de Galicia, pola que se desenvolve a Lei 4/2017, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, en materia de uniformidade, acreditación e medios técnicos.

O adxudicatario subministrará a uniformidade de gala prevista no artigo 16 do Decreto 60/2010, e a uniformidade de traballo establecida nos artigos 13 e 14 do citado decreto, e tamén a uniformidade adaptada especialmente para o persoal feminino en estado de embarazo que se prevé no artigo 15.3 do devandito decreto.

Aquelas pezas ou equipos complementarios incluídos neste prego que se teñan que subministrar e que teñan a consideración de Equipos de Protección Individual (EPI) deberán cumprir tamén coa normativa legal reguladora, en canto ao seu deseño, certificación, prestacións de protección e mailos requisitos técnicos correspondentes.

A) UNIFORMIDADE DE GALA

O artigo 16 do Decreto 60/2010, de 8 de abril, da Xunta de Galicia, determina que a uniformidade de gala estará composta polas seguintes pezas:

Pezas de uniformidade de gala:

- Gorra: Gorra de prato, de cor azul escura, tipo aviación, con viseira de plástico duro.
- Camisa: Será de cor branca e de manga longa.
- Chaqueta: De tea de cor azul escura, forrada, de colo con lapela clásica e con ombreiras, pechada con catro botón dourados. **Os escudos de brazo e as ombreiras co escudo e divisa correspondente deberán ir bordados na prenda.**
- Luvas: De nailon de cor branca, punto liso e con veas no dorso.
- Pantalón: Recto de cor azul escura.
- Saia: Saia recta e longa ata o xeonllo, de cor azul escura, con peche traseiro de cremalleira e abertura traseira de 100 mm.
- Zapatos: De pel negra, lisos de con cordóns. O de muller terá unha altura máxima de tacón de 40 mm.

- Gravata: De cor negra e forrada.

Complementos da uniformidade de gala:

No artigo 9.2 da Orde do 22 de xullo de 2010 da Xunta de Galicia, se establece que como complemento desta uniformidade se utilizará cinturón de loneta de cor negra e pasador para suxeitar a gravata.

Os licitadores ofertarán ditos complementos da uniformidade de gala, así como tamén as pezas de uniformidade de gala.

O art. 9.3 da Orde do 22 de xullo de 2010 da Xunta de Galicia, establece que o deseño, descrición, usos e características destas prendas se recollen no Anexo IV da citada orde.

Aquel que resulte adxudicatario terá que subministrarlle á policía local de Santiago todas as citadas pezas e complementos da uniformidade de gala.

As oferta dos licitadores deberán axustarse ao disposto na Orde do 22 de xullo de 2010, da Xunta de Galicia, pola que se establece a descrición e características das distintas prendas de uniformidade dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local de Galicia, así como a imaxe corporativa dos corpos de policía local e tamén ao Decreto 60/2010, de 8 de abril, da Xunta de Galicia, pola que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais, en materia de uniformidade, acreditación e medios técnicos.

UNIFORMIDADE DE TRABALLO

Os licitadores formularán unha oferta que teña en conta que segundo o artigo 13 do Decreto 60/2010 a uniformidade de traballo dos policía locais debe contemplar as estacións anuais ou as variacións climatolóxicas entre as distintas partes do territorio de Galicia, e que polo tanto debe ter en conta as modalidades de inverno e verán.

Os licitadores ofertarán todas as pezas que se enumeran no artigo 14 do Decreto 60/2010, sobre pezas de uniformidade de inverno e verán.

Do mesmo xeito, os licitadores deberán ofertar o catálogo de pezas de uniformidade que establece o artigo 7 da orde do 22 de xullo de 2010, da Xunta de Galicia, que recolle as prendas de uniformidade para o traballo policial común, coas variacións necesarias para inverno e verán, segundo as necesidades e a climatoloxía, para o corpo de policía local no traballo ordinario.

- a) Gorra tipo béisbol, modalidade ordinaria.
- b) Pantalón de faena.
- c) Xersei.
- d) Suéter polar.
- e) Polo de manga longa.
- f) Polo de manga curta.
- g) Camiseta interior.
- h) Cazadora tipo polar.
- i) Chaquetón.
- j) Cubrepantalón.
- k) Zapatos e botas.
- l) Botas de auga.
- m) Calcetíns.
- n) Cinturón.
- o) Quentapescozo-bufanda protector.
- p) Peto reflectante.
- q) Luvas.

Os licitadores formularán unha oferta que deberá cumprir co deseño, descrición, e características que se recollen no Anexo II da Orde do 22 de xullo de 2010 da Xunta de Galicia e deberá incluír o específico para persoal masculino e o específico para o persoal feminino, segundo o artigo 14 do Decreto 60/2010, de 8 de abril, da Xunta de Galicia.


1.- POLO DE MANGA LONGA.

DESCRINCIÓN:

A peza consta de manga longa, dianteiro, e tamén as costas en cor azul mariño (pantone 296C).

O pescozo é de tipo camiseiro. O polo de manga longa leva peto en brazo esquerdo e canoto porta galóns nos ombreiros en cor azul (pantone 296C).

O tecido principal será dos denominados tecidos térmicos. Deberá absorber con facilidade a humidade corporal e a exportará ao exterior. Ademais será dun tecido que non necesite ser pasado ao ferro.



- Dianteiro e costas:

Será dunha soa peza unida nos ombreiros, por unha costura sobrecargada cun pespunte a 7 mm do bordo, no seu interior irá rematada por unha cinta duns 8 mm deixando esta costura oculta. Sobre a costura dos ombreiros a 20 mm aproximadamente da manga atópase unha tira no mesmo tecido azul mariño (pantone 296C) de 85 mm de longo e un ancho de 42 mm no lado da manga e 35 mm cara ao escote que pecha cun botón de pasta en cor azul. Canutillo no ombreiro de 90 mm de longo, 35 mm de ancho cara ao escote e 42 mm cara á manga.

Levará unha abertura no centro do peito de 15 cm de longo na talla M e irá abrochada de 3 botóns en cor azul ao ton co tecido. Nas costas levará a lenda "POLICIA LOCAL" en letras soltas de cor gris e reflectoras coa bandeira de Galicia intercalada entre as dúas palabras, as dimensións son 320 x 25 mm. No peito as dimensións serán de 120 x 12 mm. O tipo de letra será Haendel Gothic BT gris reflectante (recoillido na orde 22 de xullo de 2010 da Xunta de Galicia)

- Canesú:

De cor azul claro (pantone 300C) sitúase na parte superior dos ombreiros e prolóngase pola parte superior do lombo. Adopta forma de trapecio na parte dianteira, sobre os ombreiros e de pentágono truncado en

triángulo pola súa parte inferior nas costas. En todo o contorno inferior do mesmo colocarase un vivo reflector de 4 mm, tanto nos dianteiros como nas costas.

Na parte dianteira do polo sobre o canesú levará dúas trabillas portamicros de 40 mm de ancho e 20 mm de alto. No seu interior irá reforzado cunha cinta de 50 mm que evite que a trabilla se deforme.

- Pescozo:

Será tipo camiseiro do mesmo tecido e cor azul mariño (pantone 296C). Formado por 2 pezas sobrecargado por un pespunte a 7 mm do bordo en todo o seu contorno. Na unión co escote irá rematado por unha tira de tecido de 12 mm do mesmo tecido e cor.

- Mangas:

Serán mangas longas de cor azul e de unha soa peza. A súa parte inferior están rematadas por un puño.

Segundo a Orde do 22 de xullo de 2010 “Na manga dereita levará o escudo de Galicia definido para a uniformidade policial, e na esquerda o escudo do concello.”

- Peto:

No brazo esquerdo levará un peto interior rematado por vivos de 150 mm de longo por 65 de ancho.

- Baixos:

Estarán rematados por un dobladillo de 20 mm de alto con costura de recubrimento. Nos laterais levará unha abertura de 5 cm. sobre a parte dianteira e 70 mm sobre a traseira. Todas as costuras irán en overlock.

- Emblemas:

Serán os determinados no Decreto do 22 de Xullo de 2010 e **consensuados coa Policía Local e pegarase por un sistema de velcro.**

CARACTERÍSTICAS DO TECIDO:

O tecido será de poliéster 100% e con prestacións térmicas, moi transpirable, para capa base e para todo tipo de traballos físicos.

Requírese que o tecido principal sexa dos denominados térmicos xa que absorbe a humidade corporal e expórtaa ao exterior, ademais requírese tecido que non necesita ser pasado o ferro. Deseñado para manter a pel seca cando se súa.

Presentará unha construción de punto que conste de tres fíos, dous na capa externa e un na capa interna, entrelazados entre si, e dous tipos de grosor. Isto crea dúas superficies distintas: unha, que está optimizada para eliminar a humidade da pel e outra, para secar rapidamente. Isto conséguese grazas a un proceso físico de capilaridade, polo que resulta de duración indefinida.

Ademais terá protección ultravioleta.

Contará ademais cun tratamento antibacteriana de longa duración, que controle a multiplicación das bacterias da pel, que en contacto coa humidade corporal segregan produtos de refugallo que produce o cheiro corporal. Este tratamento é permanente e obtense a través do bombardeo de iones de prata sobre as fibras do tecido.

OUTRAS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO TECIDO / PEZA.

CARACTERÍSTICA / PROPIEDAD	VALOR/DESCRIPCIÓN	NORMA/REFERENCIA
Actividade Antibacteriana.	Redución do crecemento do microorganismo producido polo axente antibacteriano en 24 horas: 100%.	AATCC Test método 100-1998. Antibacterial Finishes on Textile Materials. American Association of Textile Chemists and Colorists (A.A.T.C.C.)
Composición de tecido. Análise cualitativa e cuantitativa de fibras.	POLIESTER 100% (de tipo thermocool, con propiedades térmicas)	UNE 40110:1994. Artículos textiles. Mezclas binarias de fibras. Análisis químico cuantitativo y análisis cuantitativo por separación manual. UNE-EN ISO 1833-1:2011. Textiles. Análisis químico cuantitativo. Parte 1: Principios generales de ensayo. (ISO 1833-1:2006, incluye Cor 1:2009) UNE 40327:1994. Textiles. Mezclas ternarias de fibras. Análisis químico cuantitativo y análisis cuantitativo por separación manual. UNE-EN ISO 1833-2:2011.
Estrutura do tecido. Ligamento do tecido.	Felpa Invisible (Felpa neta)	UNE 40084:1975. Designación de los tejidos de calada. ISO 2959:1973. UNE 40017:1956 Tejidos. Notación empleada en la técnica del ligamento. UNE 40017:1982. Tejidos de calada. Notaciones empleadas en la representación de su estructura. UNE 40161:1980. Tejidos de calada. Definiciones relativas a su estructura.
Determinación da masa lineal.	Fío 1: 9.29 Tex. Fío 2: 20.08 Tex. Fío 3: 20.83 Tex.	UNE EN 14970:2007, método B (masa lineal). Textiles. Tejidos de punto. Determinación de la longitud de puntada y la densidad lineal en tejidos de punto de trama.
Número de filamentos.	Fío 1: 24 Fío 2: 94 Fío 3: 96	

OUTRAS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO TECIDO / PEZA.

CARACTERÍSTICA / PROPIEDAD	VALOR/DESCRIPCIÓN	NORMA/REFERENCIA
Masa laminar. (gramaxe, peso do tecido por metro cadrado)	187,8 g/m ² ± 5%	UNE-EN 12127. Textiles. Tejidos. Determinación de la masa por unidad de superficie de muestras pequeñas.
Determinación do número de fíos por unidade de lonxitude.	Columnas: 12,60 c/cm Pasadas: 14,20 p/cm Mallas/cm ² : 178,92	UNE-EN 14971:2006. Textiles. Tejidos de punto. Determinación del número de puntadas por unidad de longitud y unidad de área.


CARACTERÍSTICA / PROPIEDAD	VALOR/DESCRIPCIÓN	NORMA/REFERENCIA
Determinación de Coordenadas Cromáticas cielab*	L* 14,87 a* 1,89 b* 3,84 C* -4,28 H* 296,20 X 1,86 Y 1,88 Z 2,49 x 0,2987 y 0,3020	UNE 40080:1984. Determinación de coordenadas cromáticas "CIE". UNE-EN ISO 105-J01:2000. Textiles. Ensayos de solidez del color. Parte J01: Principios generales para la medición del color de superficies. (ISO 105-J01:1997).
Resistencia á formación de pilling.	Índice/grao de pilling, nivel ISO: 5.	UNE-EN ISO 12945-2:2001. Textiles. Determinación de la tendencia a la formación de pelusilla y de bolitas. Parte 2: Método Martindale modificado. (ISO 12945-2:2000)
Resistencia á Perforación.	Resistencia media (N) 414,74. Resistencia media (daN) 41,47.	UNE 40385:1979. Determinación de la resistencia de los tejidos a la perforación.

CARACTERÍSTICA / PROPIEDAD	VALOR/DESCRIPCIÓN	NORMA/REFERENCIA
Capacidade de absorción	284,17 %	UNE-EN ISO 9073-6: 2003. Textiles. Métodos de ensayo para los tejidos. Parte 6: Absorción (ISO 9073-6:2000)
Determinación do factor de protección ultravioleta.	50 FPU	AS/NZS 4399/1996. Sun protective clothing - Evaluation and classification.

OUTRAS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO TECIDO / PEZA.

CARACTERÍSTICA / PROPIEDAD	VALOR/DESCRICIÓN	NORMA/REFERENCIA
Resistencia ao vapor de auga. (transpirabilidade) Índice/Valor RET (m ² *Pa/W)	3.16 ± 0.07 (m ² *Pa/W)	EN 31092:1993. Textiles. Determinación de las propiedades fisiológicas. Medida de la resistencia térmica y de la resistencia al vapor de agua en condiciones estacionarias (ensayo de la placa caliente protegida de la transpiración). (ISO 11092:1993) UNE-EN 31092:1996. UNE-EN ISO 11092:2015.
Resistencia térmica. (illamento térmico) Índice/Valor Rct Rct (m ² *K/W)	Rct 0.0286 ± 0.0009 (m ² *K/W)	EN 31092:1993. Textiles. Determinación de las propiedades fisiológicas. Medida de la resistencia térmica y de la resistencia al vapor de agua en condiciones estacionarias (ensayo de la placa caliente protegida de la transpiración). (ISO 11092:1993) UNE-EN 31092:1996. UNE-EN ISO 11092:2015.

CARACTERÍSTICA / PROPIEDAD	VALOR/DESCRICIÓN	NORMA/REFERENCIA
Índice de permeabilidade ao vapor de auga. (impermeabilidade)	0.54 l _{mt}	EN 31092:1993. Textiles. Determinación de las propiedades fisiológicas. Medida de la resistencia térmica y de la resistencia al vapor de agua en condiciones estacionarias (ensayo de la placa caliente protegida de la transpiración). (ISO 11092:1993)
Permeabilidade ao vapor de auga. (transpirabilidade)	$682,53$ (g/m ² · 24 h) 102,69%	BS 7209:1990 Specification for water vapour permeable apparel fabrics. (British Standard). British Standards Institution.



CARACTERÍSTICA / PROPIEDAD	VALOR/DESCRIPCIÓN	NORMA/REFERENCIA
Solidez das tinturas á luz. (índice de solidez da cor á luz)	Índice/Degradación: 5-6	UNE-EN ISO 105-B02:2001. método 2 Textiles. Ensayos de solidez del color. Parte B02: Solidez del color a la luz artificial: Lámpara de arco de xenón. (ISO 105-B02:1994) UNE-EN ISO 105-B02:2013. UNE-EN ISO 105-B02:2014.
Solidez das tinturas á auga. (índice de solidez da cor ao auga)	Degradación: 5 Descarga: 4	UNE-EN ISO 105-E01:1996. Textiles. Ensayos de solidez de las tinturas. Parte E01: Solidez de las tinturas al agua. (ISO 105-E01:1994). UNE-EN ISO 105-E01:2010. Textiles. Ensayos de solidez del color. Parte E01: Solidez del color al agua. (ISO 105-E01:2010) UNE-EN ISO 105-E01:2013.
Solidez das tinturas ao lavado. (índice de solidez da cor ao lavado)	Degradación: 5 Descarga: 4-5	UNE-EN ISO 105-C06+AC2009. UNE-EN ISO 105-C06:2010. Textiles. Ensayos de solidez del color. Parte C06: Solidez del color al lavado doméstico y comercial. (ISO 105-C06:2010)
Solidez da cor á Transpiración. (solidez á suor) .	Degradación: 5 Descarga: 4-5	UNE-EN ISO 105- E04:2009. + ERRATUM:2009. Textiles. Ensayos de solidez del color. Parte E04: Solidez del color a la transpiración. (ISO 105-E04:2008) UNE-EN ISO 105-E04:2013.
Solidez das tinturas ao fregue.	Descarga en Seco: 4-5 Descarga en Mollado: 4-5	UNE-EN ISO 105-X12:2003. Textiles. Ensayos de solidez del color. Parte X12: Solidez del color al frote. (ISO 105-X12:2001) UNE-EN ISO 105-X12:2016.

OUTRAS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO TECIDO / PEZA.

CARACTERÍSTICA / PROPIEDAD	VALOR/DESCRIPCIÓN	NORMA/REFERENCIA						
Solidez das tinturas ao paso do ferro.	Valoración antes do ensaio	UNE-EN ISO 105-X11:1997. Textiles. Ensayos de solidez de las tinturas. Parte X11: Solidez de las tinturas al planchado. (ISO 105-X11:1994)						
	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 33%; text-align: center;">Descarga Seco</td> <td style="width: 33%; text-align: center;">Descarga Húmido</td> <td style="width: 33%; text-align: center;">Descarga Mollado</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">5</td> <td style="text-align: center;">5</td> <td style="text-align: center;">5</td> </tr> </table>		Descarga Seco	Descarga Húmido	Descarga Mollado	5	5	5
	Descarga Seco		Descarga Húmido	Descarga Mollado				
	5		5	5				
	Valoración despois de 4 horas de ensaio							
	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 33%; text-align: center;">Degradación Descarga Seco</td> <td style="width: 33%; text-align: center;">Degradación Descarga Húmido</td> <td style="width: 33%; text-align: center;">Degradación Descarga Mollado</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">5</td> <td style="text-align: center;">5</td> <td style="text-align: center;">5</td> </tr> </table>		Degradación Descarga Seco	Degradación Descarga Húmido	Degradación Descarga Mollado	5	5	5
Degradación Descarga Seco	Degradación Descarga Húmido	Degradación Descarga Mollado						
5	5	5						
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 33%; text-align: center;">5</td> <td style="width: 33%; text-align: center;">5</td> <td style="width: 33%; text-align: center;">5</td> </tr> </table>	5	5	5					
5	5	5						
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 33%; text-align: center;">5</td> <td style="width: 33%; text-align: center;">5</td> <td style="width: 33%; text-align: center;">5</td> </tr> </table>	5	5	5					
5	5	5						
Solidez das tinturas á limpeza en seco.	<p>Descarga en Seco: 4-5.</p> <p>Descarga en Disolvente: 4-5.</p>	<p>UNE-EN ISO 105-D01:1996. Textiles. Ensayos de solidez de las tinturas. Parte D01: Solidez de las tinturas a la limpieza en seco. (ISO 105-D01:1993)</p> <p>UNE-EN ISO 105-D01:2010 Textiles. Ensayos de solidez del color. Parte D01: Solidez del color a la limpieza en seco con percloroetileno como disolvente. (ISO 105-D01:2010)</p>						
Resistencia ao Estalido.	878.1 kPa	<p>UNE EN ISO 13938-1: 2000. Textiles. Propiedades del estallido de tejidos. Parte 1: Determinación de la resistencia al estallido y de la deformación al estallido. Método hidráulico. (ISO 13938-1:1999).</p>						
Determinación das Variacións dimensionais dos tecidos Sometidos ao lavado e secado domésticos. (Estabilidade dimensional)	<p>Urdimbre - 0,5 %</p> <p>Trama - 0,6 %</p>	<p>UNE-EN ISO 5077:2008 + ERRATUM:2008 Textiles. Determinación de las variaciones dimensionales en el lavado y secado. (ISO 5077:2007)</p>						
Resistencia aos enganchóns dos tecidos.	<p>Lonxitudinal: 4-5</p> <p>Transversal: 4-5</p>	<p>ASTM D 3939:2004. Standard Test Method for Snagging Resistance of Fabrics (ABC)</p>						

2.- POLO DE MANGA CURTA

DESCRICIÓN

O polo de manga curta a subministrar ao concello, considerado como peza de uniformidade para o traballo policial común será o que se recolle no artigo 7 da Orde de 22 de xullo de 2010 da Xunta de Galicia. A peza constará de manga curta, dianteiro, costas en azul (pantone 296C). O pescozo será camiseiro. Levará peto no brazo esquerdo e canoto porta galóns nos ombreiros en azul.

O tecido principal será dos denominados térmicos xa que absorbe a humidade corporal e a exporta ao exterior, ademais será un tecido que non necesita ser pasado o ferro.



Dianteiro e costas:

Será dunha soa peza unida nos ombreiros, por unha costura sobrecargada cun pespunte a 7 mm do bordo. No seu interior irá rematada por unha cinta duns 8 mm deixando esta costura oculta. Sobre a costura dos ombreiros a 20 mm aproximadamente da manga atópase unha tira no mesmo tecido azul (pantone 296C) de 85 mm de longo e un ancho de 42 mm no lado da manga e 35 mm cara ao escote que pecha cun botón de pasta en cor azul. Levará un canutillo no ombreiro de 90 mm de longo, 35 mm de ancho cara ao escote e 42 mm cara a manga.

Levará unha abertura no centro do peito de 15 cm de longo na talla M e irá abrochada de 3 botóns en cor azul ao ton co tecido.

Nas costas levará a lenda "POLICIA LOCAL" en letras soltas de cor gris e reflectora coa bandeira de Galicia

intercalada entre as dúas palabras, as dimensións son 320 por 25 mm. No peito as dimensións serán de 120x12 mm.

Canesú:

De cor azul clara (pantone 300C) sitúase na parte superior dos ombreiros e prolóngase pola parte superior das costas. Adopta forma de trapecio na parte dianteira, sobre os ombreiros e de pentágono truncado en triángulo pola súa banda inferior nas costas. En todo o contorno inferior do mesmo colocarase un vivo reflector de 4 mm, tanto nos dianteiros como nas costas. Na parte dianteira do polo sobre o canesú levará dúas trabillas porta micros de 40 mm de ancho e 20 mm de alto. No seu interior irá reforzado cunha cinta de 50 mm que evite que a trabilla se deforme.

Pescozo:

Será tipo camiseiro do mesmo tecido e cor azul (pantone 296C). Formado por 2 pezas sobrecargado por un pespunte a 7 mm do bordo en todo o seu contorno. Na unión co escote irá rematado por unha tira de tecido de 12 mm no mesmo tecido e cor.

Mangas:

Serán curtas de cor azul (pantone 296C) e unha soa peza. A súa parte inferior están rematadas por un dobladillo de 2 cm de ancho con costura de recubrimento. **Peto:**

No brazo esquerdo levará un peto interior rematado por vivos de 150 mm de longo por 65 mm de ancho.

Baixos:

Estarán rematados por un dobladillo de 20 mm de alto con costura de recubrimento. Nos laterais levará unha abertura de 5 cm sobre a parte dianteira e 70 mm sobre a traseira. Todas as costuras irán en overlock.

Emblemas:

Serán os determinados na Orde do 22 de xullo de 2010 da Xunta de Galicia, e serán consensuados coa Policía Local e pegaranse por un sistema de velcro.

CARACTERÍSTICAS DO TECIDO:

Será un tecido de poliéster 100% moi transpirable.


O tecido principal será dos denominados térmicos xa que absorbe a humidade corporal e expórtaa ao exterior, ademais é un tecido que non necesita ser pasado o ferro.

Deseñado para manter a pel seca cando se súa. Presentará unha construción de punto que consta de tres fíos, dous na capa externa e un na capa interna, entrelazados entre si, e dous tipos de grosor. Isto crea dúas superficies distintas: unha, que está optimizada para eliminar a humidade da pel e outra, para secar rapidamente. Isto conséguese grazas a un proceso físico de capilaridade, polo que resulta de duración indefinida. Ademais, terá protección ultravioleta.

Contará ademais cun tratamento antibacteriano de longa duración, que controla a multiplicación das bacterias da pel que en contacto coa humidade corporal segregan produtos de refugallo que produce o cheiro corporal. Este tratamento é permanente e obtense a través do bombardeo de iones de prata sobre as fibras do tecido.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO TECIDO

CARACTERÍSTICA / PROPIEDAD	VALOR/DESCRIPCIÓN	NORMA/REFERENCIA
Actividade Antibacteriana.	Redución do crecemento do microorganismo producido polo axente antibacteriano en 24 horas: 100%.	AATCC Test método 100-1998. Antibacterial Finishes on Textile Materials. American Association of Textile Chemists and Colorists (A.A.T.C.C.)
Composición de tecido. Análise cualitativa e cuantitativa de fibras.	POLIESTER 100% (de tipo coolmax extreme fresh ou de similares propiedades)	UNE 40110:1994. Artículos textiles. Mezclas binarias de fibras. Análisis químico cuantitativo y análisis cuantitativo por separación manual. UNE-EN ISO 1833-1:2011. Textiles. Análisis químico cuantitativo. Parte 1: Principios generales de ensayo. (ISO 1833-1:2006, incluye Cor 1:2009) UNE 40327:1994. Textiles. Mezclas ternarias de fibras. Análisis químico cuantitativo y análisis cuantitativo por separación manual. UNE-EN ISO 1833-2:2011.
Estrutura do tecido. Ligamento do tecido.	Felpa Invisible (Felpa neta)	UNE 40084:1975. Designación de los tejidos de calada. ISO 2959:1973. UNE 40017:1956 Tejidos. Notación empleada en la técnica del ligamento. UNE 40017:1982. Tejidos de calada. Notaciones empleadas en la representación de su estructura. UNE 40161:1980. Tejidos de calada. Definiciones relativas a su estructura.
Os zapatos cumprirán co R.D. 1407/1992, de 20 de novembro de 1992, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual (EPI), de conformidade coa Directiva Europea 89/686/CEE. Tamén deberán cumprir co Regulamento Europeo UE 2016/425, de 9 de marzo de 2016, relativo aos Equipos de Protección Individual (EPI).

15.- CALCETÍNS DE INVERNO.

Esta peza é a recollida no artigo 7 letra m) da Orde de 22/07/2010 da Xunta de Galicia, e responderá as características técnicas definidas na propia Orde de 22 de xullo de 2010 da Xunta de Galicia sobre uniformidade de policías locais en Galicia.

DESCRIPCIÓN:

Será un calcetín deseñado para a súa utilización intensa e en condicións meteorolóxicas adversas (frío chuvia, humidade...), e pensado para traballos onde se pasa a maior parte da xornada camiñando ou de pé e para ser utilizado tanto para botas como para zapatos.

Os calcetíns serán lisos ou con cana lisa e disporán de sistemas de bandas elásticas para unha perfecta suxeición do pé e unha boa adaptación anatómica á forma do mesmo.

Os calcetíns terán unha cana longa deseñada para ser apta para o seu uso con botas de media cana.

Contará con canles de ventilación na planta do pé, talón, punteira e empeine.

Os calcetíns estarán confeccionados con poliéster hidrofílico ou de alta transpirabilidade e con poliamida e/ou outros tecidos técnicos e termorreguladores así como tecidos elásticos.

O calcetín estará pensado para dispoñer de boas propiedades de protección contra o frío e a humidade.

O calcetín será de cor negra.

A zona de planta, do talón e da punteira dos calcetíns estarán reforzadas convenientemente.

A zona da planta estará acolchada ou terá unha densidade extra para aumentar o confort e a ventilación.

Os calcetíns non deberán presentar costuras ou elementos similares que afecten e perxudiquen notablemente ás características de confort e ergonomía ou que lastimen durante o uso.

16.-CALCETÍNS DE VERÁN.

Esta peza é a recollida no artigo 7 letra m) da Orde de 22/07/2010 da Xunta de Galicia, e responderá as características técnicas definidas na propia Orde de 22 de xullo de 2010 da Xunta de Galicia sobre uniformidade de policías locais en Galicia.

DESCRICIÓN.

Será un calcetín deseñado para a súa utilización intensa e pensado para traballos onde se pasa a maior parte da xornada camiñando ou de pé e para ser utilizado tanto para botas como para zapatos.

Os calcetíns serán lisos ou con cana lisa e disporán de sistemas de bandas elásticas para unha perfecta suxeición do pé e unha boa adaptación anatómica á forma do mesmo.

Os calcetíns terán unha cana longa deseñada para ser apta para o seu uso coas botas de media cana.

Contará con canles de ventilación na planta do pé, talón, punteira e empeine.

Os calcetíns estarán confeccionados con poliéster hidrofílico ou de alta transpirabilidade e con poliamida e/ou outros tecidos técnicos e termorreguladores así como tecidos elásticos.

O calcetín estará pensado para dispoñer de boas propiedades contra a humidade e sudoración.

O calcetín será de cor negra.

A zona de planta, do talón e da punteira dos calcetíns estarán reforzadas convenientemente.

A zona da planta estará acolchada ou terá unha densidade extra para aumentar o confort e a ventilación.

Os tecidos do calcetín serán aptos para uso en épocas de calor, pero tamén poderán usarse no resto do ano.

Os calcetíns non deberán presentar costuras ou elementos similares que afecten e perxudiquen notablemente ás características de confort e ergonomía ou que lastimen durante o uso.

17.- CUBREPANTALÓN DE AUGAS.

Esta peza é a recollida no artigo 7 letra j) da Orde de 22/07/2010 da Xunta de Galicia, e responderá as características técnicas definidas na propia Orde de 22 de xullo de 2010 da Xunta de Galicia sobre uniformidade de policías locais en Galicia.

DESCRIPCIÓN:

Este cubrepantalón de augas responderá ás características definidas no Anexo II da citada Orde de 22/07/2010 da Xunta de Galicia. Polo tanto, será unha peza de cor azul mariño (pantone 296C) para uso en días chuviosos. Será de material con propiedades hidropelentes, impermeables e transpirables. As costuras estarán debidamente termoseladas de xeito que se ofrezca estanqueidade ou protección contra a penetración de auga de chuvia.

O cubrepantalón estará confeccionado cun deseño/patrón amplo que permita o seu axuste e colocación por enriba do pantalón de traballo.

CARACTERÍSTICAS:

O cubrepantalón será de poliéster ou similar e terá un forro que estará formado por capas. Unha das capas que está en contacto coa pel composto por tecido que lle proporcione un gran confort e permita conservar a calor corporal. Disporá alomenos de outra capa ou membrana textil que lle proporcione características de cortavento e impermeabilidade, permitindo á vez unha gran transpirabilidade.

Evitará a acumulación da suor e humidade sobre o corpo e facilite a regulación térmica do corpo.

O cubrepantalón estará dotado de unha estrutura/forro ou membrana textil bicompoñente formada por capa PTFE (politetrafluoroetileno) ou de sistema de confección textil con propiedades similares.

A cintura e os baixos estarán rematados por unha cinta ao biés.

O deseño orientativo aproximado é o que se amosa no seguinte gráfico.



Aberturas laterais: En ambos laterais levará aberturas con cremalleiras termoseladas que permitan o acceso aos petos do pantalón interior. As cremalleiras serán amplas e quedarán ocultas por pestanas.

Cintura: De 35 mm de ancho aproximadamente, con lonxitude de goma variable en función da súa talla, que terá un ancho mínimo de 30 mm. A goma no dianteiro irá suxeito nos extremos e sen fruncir e nas costas irá fruncida entre trabillas.

Baixos: As perneiras dispoñerán na parte inferior dunha cremalleira para poder colocar o cubrepantalón sen descalzarse e un fol interior para evitar que a auga penetre polas cremalleiras. Esta cremalleira de 300 mm de largo (aprox.) e un fol interior ao largo de toda ela, para evitar que penetre auga polas cremalleiras.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Esta cremalleira quedará oculta con pestanas.

Banda/Lámina reflectante:

As perneiras na súa parte baixa (por debaixo da altura dos xeonllos), levarán en cada unha de elas dúas bandas horizontais retro-reflectantes (material con propiedades de alta visibilidade, recollidas na norma UNE EN ISO 20471) , dispostas perimetralmente, de cor gris prata e de 50 mm de ancho cada unha (como mínimo). Unha de estas bandas estará situada a 200 mm do extremo do baixo da perneira (aprox.) e a outra banda irá separada como mínimo por 50 mm (aprox.) do borde superior da primeira banda reflectante.

A lámina reflectante ou película gris prata esta constituída por lentes ou esferas de vidro ou materiais similares de alto rendemento retroreflectante, embebidos nunha capa de polímero de gran duración unida por unha capa de adhesivo termoselado, ou estará construída de un xeito parecido e pensado na súa durabilidade.

Termoselado:

Estarán termoseladas todas as costuras para evitar que entre auga ao interior da prenda.

Todas as costuras deben ir completamente termoseladas con cinta de termoselar.

Non haberá queimadura algunha sobre o tecido ou a cinta de termoselar.

Non haberá ningún torcemento ou enrruga sobre o laminado ou a cinta de termoselar.

18.- CINTO PARA PANTALÓN DE FAENA (DOBRE CINTO).

Esta peza é a recollida no artigo 7 letra n) da Orde de 22/07/2010 da Xunta de Galicia, e responderá as características técnicas definidas na propia Orde de 22 de xullo de 2010 da Xunta de Galicia sobre uniformidade de policías locais en Galicia.

DESCRICIÓN:

Trátase dun dobre cinto, un cinto interior e outro cinto exterior, que se unirán mediante unha cinta de contacto con sistema de dobre adherencia removible.

Cinto interior:

O cinto interior, que será o que faga ás veces de cinto de axuste do pantalón, será de 40 mm de ancho e irá cosido pola súa cara exterior a unha cinta de contacto para así deste xeito agarrarse ao cinto exterior.

Cinto exterior:

O cinto exterior de 50 mm de ancho, estará cosido pola súa cara interna a unha cinta de contacto para o seu agarre ao cinto interior.


Unión:

A cinta de unión de velcro (ou similar sistema de unión de dúas caras con bucles e ganchos) coa cara suave de tecido de bucles estará cosida co cinto interior. E no cinto exterior irá cosida a cinta de unión cos ganchos duros.

Peche:

O cinto terá un peche de seguridade e unha fibela termoplástica, onde se inserirá en relevo o escudo oficial de Galicia, nun tamaño de 30 mm por 15 mm.


Material e cor:



CONCELLO DE SANTIAGO

Ambos cintos (interior e exterior) serán de loneta, de cor negra e de poliéster 100%.

O cinto será apto para a función de suxeitar as fundas para o cargador, a defensa e os grilletes e tamén para a funda anti-furto para o arma regulamentaria. Tamén poderá servir suxeitar a lanterna e outros elementos.



19.- COMPLEMENTO REFLECTOR DE ALTA VISIBILIDADE.

DESCRICIÓN:


Esta peza será un complemento de carácter non permanente, para usos relacionados coas intervencións con dispositivos de control e outras intervencións na calzada, que deberá ofrecer unha alta visibilidade ao seu usuario.

Esta peza estará realizada en tecido lixeiro e transpirable. Terá un deseño de imaxe corporativa similar ao establecido para o peto reflector na Orde de 22 de xullo de 2010 da Xunta de Galicia sobre uniformidade de policía locais en Galicia. Esta peza terá un deseño con dúas caras, a frontal do peito e a traseira das costas, que serán homólogas no seu aspecto.

Esta peza terá pescozo redondo. Esta peza se pechará frontalmente cunha cremalleira polo peito que facilitará poñelo e quitalo cando sexa preciso con comodidade.

Esta peza entregárase debidamente dobrada, nunha bolsa cuxo tamaño non sexa superior a 135 mm x 235 mm, o que permitirá o seu aloxamento permanente nos petos laterais do pantalón de faena, ou ben incorporando tamén un sistema que permita a suxeición ao cinto.

Esta peza terá como cor externa principal, a cor amarela de tipo fluorescente certificada (na norma EN ISO 20471 ou a norma equivalente UNE-EN ISO 20471) como cor de Alta Visibilidade (A.V.) ate a parte superior das sisas aproximadamente.



CONCELLO DE SANTIAGO

Pola parte superior da peza ate o pescozo e ombreiros será de cor azul clara (pantone 300C).

En todo o contorno perimetral da peza levará unha pequena tira de 5 mm, a modo de ribete, que será de cor azul mariño (pantone 296 C).

Marcado CE e certificación:

Este complemento deberá dispoñer de marcado CE e estará certificado polo fabricante como un Equipo de Protección Individual (EPI) de Alta Visibilidade, como mínimo, na Clase/nivel 1 de roupa de sinalización de A.V. da norma EN ISO 20471. O deseño desta peza será adaptado para aquelas tallas que o precisen e quedará subordinado nas súas características e proporcións ao obxecto de que a peza a subministrar ao concello cumpra os requisitos e condicións da normativa de comercialización dos Equipos de Protección Individual (EPI).

Esta peza de alta visibilidade a ofertar e subministrar estará certificado como Equipo de Protección Individual (E.P.I.), alomenos, na Clase 1 de pezas de vestimenta de alta visibilidade.

Esta peza cumprirá co R.D. 1407/1992, de 20 de novembro de 1992, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual (EPI), de conformidade coa Directiva Europea 89/686/CEE. Tamén deberá cumprir co Regulamento Europeo UE 2016/425, de 9 de marzo de 2016, relativo aos Equipos de Protección Individual (EPI).

A peza cumprirá a norma UNE-EN ISO 20471 sobre Roupa de Alta Visibilidade, ou a norma equivalente europea EN ISO 20471) sobre requisitos da roupa de protección de Alta Visibilidade, debendo satisfacer polo menos, o nivel 1 de prestacións técnicas recollidas nesta norma.

Parte dianteira (frontal):

Na parte dianteira e no lado dereito, á altura do peito irá a placa ovalada serigrafiada. A peza nesta parte frontal estará dotada de un óvalo pequeno de rizo suaves de tipo velcro e de cor amarelo flúor para poder suxeitar e colocar a placa/escudo de forma ovalada.

Na parte dianteira e esquerda levará a lenda ou logotipo co texto "POLICIA LOCAL" en letras soltas de cor gris e reflectoras, e coa bandeira de Galicia intercalada entre as dúas palabras.

As dimensións son 12 mm x 120 mm, sendo o tipo de letra Haendel Gothic BT gris reflectante.

Parte traseira (costas):

Nas costas e de forma centrada, por baixo da parte azul claro levará a lenda/logotipo "POLICIA LOCAL" en letras soltas de cor gris e reflectoras, e coa bandeira de Galicia intercalada entre as dúas palabras.


As dimensións son de 25 mm x 250 mm, sendo o tipo de letra Haendel Gothic BT gris reflectante.

Tiras ou bandas retro-reflectantes:

A peza levará por todo o seu contorno ou perímetro, situadas na parte inferior do peito e costas a uns 50 mm aprox. do bordo inferior da peza, dúas tiras ou bandas horizontais de 50 mm de ancho aprox. de cor gris reflectora (norma EN ISO 20471), separadas entre si uns 100 mm aprox. Na parte superior do peito e das costas levará unha tira adicional de 50 mm aprox. de ancho, de cor gris reflectora (norma EN ISO 20471), separando ambas cores azul e amarelo.

Saíndo da parte media de ambos ombreiros, tanto na parte dianteira como traseira, levará tiras verticais de 50 mm de ancho (aprox.) que irán en sentido perpendicular ás anteriores, e que se interromperán no espazo

medio onde van placa e logotímbolos, continuando no seguinte espazo da parte inferior, da maneira que figura no deseño orientativo que se describe a continuación.



CARACTERÍSTICAS DO TECIDO:

- Malla con fibras de poliéster 100%.
- Masa laminar ou densidade orientativa dos tecidos de uns 130 gr/m2 aproximadamente.
- Tecido amarelo fluorescente certificado como material de Alta Visibilidade (certificado coas propiedades A.V. da norma europea EN ISO 20471 e concordantes) de malla tupida. Cada peza deberá dispoñer da superficie mínima deste tecido que se esixe para cumprir a clase/nivel 1 da norma EN ISO 20471.
- Bandas grises de materia de Alta Visibilidade (certificado coas propiedades A.V. da norma EN ISO 20471 e concordantes) con propiedades reflectoras de luz, que permiten que de noite ou en condicións de baixa luminosidade produzan unha cor branca-prata visible, brillante intensa.

Etiquetado Informativo e Marcado CE da peza:

Cada unidade de esta peza deberá levar de forma indeleble o marcado CE. Así mesmo, cada unidade desta peza polo seu interior, levará unha etiqueta informativa e visible para o usuario impresa e indeleble de modo que non se borren os datos e resulte lexible durante o tempo de duración.

A información para indicar na etiqueta (datos do fabricante e identificativos de cada unidade, prestacións de protección, instrucións de uso, limpeza e mantemento,...), mailo seu marcado CE e demais símbolos ou pictogramas serán conformes cos requisitos mínimos da normativa de comercialización e uso dos EPI e nas normas técnicas harmonizadas e europeas UNE EN.

20.- BUFANDA TUBULAR / BRAGA POLAR PROTECTOR.

Esta peza é a recollida no artigo 7 letra ñ) da Orde de 22/07/2010 da Xunta de Galicia, e responderá as características técnicas definidas na propia Orde de 22 de xullo de 2010 da Xunta de Galicia sobre uniformidade de policía locais en Galicia.

DESCRICIÓN:

Consistirá nunha braga polar con forma tubular para quentar o pescozo. Esta bufanda-pescozo será cor azul mariño (pantone 296 C). Será unha peza protectora térmica confeccionada con tecido de tipo polar. Disporá dunhas dimensións e formato cun suplemento en fibra que permita cubrir a cabeza. Esta peza debe servir para abrigarse do tempo frío pero sempre que se estea atendendo ou actuando con cidadáns a cara estará completamente descuberta.

Na parte externa inferior dereita levará impreso o logotipo, en tamaño 10 mm por 100 mm, con tipo de letra Haendel Gothic BT, en cor gris reflectante.



Fabricado de dobre capa, e forro polar que ofrece a maior protección contra o vento e o frío.

Como prestación optativa e adicional de carácter superior sobre as prestacións mínimas esixidas, poderían admitirse aquelas pezas que incorporen tecidos ou capas textiles adicionais con propiedades de protección anticorte de nivel 5 (prestacións segundo definicións da norma europea EN 388).

Propiedades esixidas:

Deberá ter as seguintes propiedades:

- Sen costuras ou dobladillos apreciáveis e molestos.
- Debe ter elasticidade de maneira que poida manter a súa forma orixinal e se axuste mellor para abrigar do frío.
- O tecido ofrecerá protección contra o frío e tamén contra o vento (cortavento). Será transpirable.

21.-LUVAS ANTICORTE.

Esta peza é a recollida no artigo 7 letra p) da Orde de 22/07/2010 da Xunta de Galicia, e responderá as características técnicas definidas na propia Orde de 22 de xullo de 2010 da Xunta de Galicia sobre uniformidade de policía locais en Galicia.


DESCRICIÓN:

Luvax para uso policial de cor negra, cun nivel 5 anticorte (xustificarase mediante certificado de que o modelo de luva acada o nivel 5 de prestación anticorte definido na norma EN 388) de protección e adecuados ao traballo policial e en unidades de patrulla.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:

Características xerais:

- Dorso: Material de dorso confeccionado en poliéster bielástico ou material de similares propiedades, con reforzos situados sobre os dedos, en neopreno ou de outros materiais.



CONCELLO DE SANTIAGO

- Palma: o material principal da palma será ou ben de pel de vacún que proporciona confort e resistencia á abrasión, ou ben tamén de materiais sintéticos que ofrezan propiedades similares de resistencia e confort.
- Forro: o interior das luvas terá un forro interior completo que ofrecerá prestacións anticorte por coitela.
- Axustador ou ceñidor de tipo velcro (púas e rizos) no pulso, en material de neopreno ou similar.

Outras características:

Manopla exterior de forma clásica. A súa construción será anatómica e preformada.

O dorso irá confeccionado nun material de poliéster bielástico ou outro material de similares características, que proporcionará á luva dunha perfecta adaptación á man.

A palma se construírá ou reforzará cun material altamente resistente ao desgaste, e cunha boa adherencia, o cal axudará ao usuario no desempeño das súas actividades.

Para a correcta suxeición e axuste das luvas, cada manopla incorporará unha tira de unión e axuste de tipo velcro (sistema de púas e rizos).

Alomenos unha manopla do par de luvas levará cosida na parte interior da luva, próximo á boca da luva unha etiqueta coas seguintes informacións e datos: a talla, o fabricante, os pictogramas, símbolos, precaucións de uso, etc.

Prestacións:

Esta luva de protección deberá dispoñer das seguintes prestacións mínimas (norma EN 388):

- Nivel de resistencia á abrasión: 3
- Nivel de resistencia ao corte de coitela: 5
- Nivel de resistencia ao desgarrado: 2
- Nivel de resistencia á perforación: 2

Marcado CE e certificación das luvas:

As luvas deberán dispoñer de marcado CE e estarán certificadas polo fabricante como un Equipo de Protección Individual (EPI) de acordo coa normativa e segundo as normas UNE EN 388 e UNE-EN 420.

As luvas de protección cumprirán co R.D. 1407/1992, de 20 de novembro de 1992, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual (EPI), de conformidade coa Directiva Europea 89/686/CEE. Tamén deberán cumprir co Regulamento Europeo UE 2016/425, de 9 de marzo de 2016, relativo aos Equipos de Protección Individual (EPI).

As luvas de protección cumprirán a norma UNE-EN 388 e UNE-EN 420 (ou as normas que as substitúan) sobre requisitos de luvas de protección. As prestacións e niveis de protección ofrecidos polas luvas deben estar certificadas por ensaio realizado por organismo notificado ou laboratorio técnico acreditado.

22.-CHALECO PERSOAL DE PROTECCIÓN ANTIBALA EXTERIOR.

DESCRIPCIÓN:

Os chalecos de uso exterior (por enriba da roupa de traballo) pola súa natureza ofrecerán protección e resistencia fronte aos danos por impactos producidos por munición de armas de fogo (protección balística) e así mesmo tamén ofrecerán resistencia e protección contra agresións por arma branca (coitelos e punzóns).

Xa que cada chaleco individual debe adaptarse á forma anatómica da persoa, o adxudicatario estará obrigado a fornecer chalecos femininos e chalecos de tallas especiais cando sexa requirido a iso.

O chaleco de protección exterior debe reunir certas calidades de confort, especialmente no que se refire a peso, espesor, flexibilidade e acomodación ao corpo. O chaleco permitirá ao seu usuario os movementos necesarios no traballo policial, como por exemplo, labores en bipedestación, sentado no vehículo-patrulla, condución de vehículos, manexo de arma con ambas mans, etc. O chaleco nas tarefas e movementos non deberá causar molestias, especialmente, no pescozo e axilas.

O chaleco de uso exterior debe protexer o torso e abarcar ata a cintura. O chaleco ofrecerá protección do torso en 360° (frontal, traseira e partes dorsais ou laterais do tórax).

Protección balística do chaleco de uso exterior:

O chaleco exterior deberá ofrecer unha protección balística mediante certificados de ensaios de laboratorios que demostre ser compatible coa clasificada do nivel de protección IIIA (nivel definido na norma/estándar norteamericana NIJ STD 0101.04, "*Ballistic Resistance of Personal Body Armor*" do ano 2000 e a "Interim Requirements 2005 for Bullet Resistant Body Armor", do National Institute of Justice).

Tamén se admitirán aqueles chalecos antibalas de uso exterior que demostren mediante informes e certificados de ensaios en laboratorio que acaden resultados de resistencia balística compatibles coa clasificación deste mesmo nivel IIIA na norma/estándar norteamericana NIJ STD 0101.06 "*Ballistic Resistance of Body Armor*".

Para isto, a protección que deberán ofrecer os paneis balísticos do chaleco e que deberá acreditar segundo os ensaios de resistencia aos impactos será polo menos a seguinte:

- Protección contra munición de 9 mm, tipo Parabellum FMJ RN, (mín. 8,0 g / 124 grain) a unha distancia de 5 metros e cunha velocidade de 1430 ft/s (436 m/s).
- Protección contra munición de 10,9 mm, tipo 0.44 Magnum SJHP (15,6 g / 240 grain) a unha distancia de 5 metros e cunha velocidade de 1430 ft/s (436 m/s).

Todos os licitadores deberán entregar xunto coa documentación da oferta que presenten o/s correspondente/s certificado/s dos resultados de ensaios de impactos de munición en laboratorio, que deberán ser realizados coas condicións materiais establecidos na norma NIJ STD 0101.04 (ou ben, alternativamente coas municións e condicións establecidas na norma NIJ STD 0101-06, para armas clasificadas de tipo IIIA).

Resultados mínimos esixidos no test de resistencia a impactos de arma de fogo:

O conxunto da serie de seis impactos desta munición realizados en laboratorio quedarán todos detidos polo panel balístico e polo tanto en ningún de eles poderá haber unha penetración.

O trauma ou a pegada individual e máxima dos impactos non deberá en ningún caso superar os 44 mm de profundidade.

O trauma en promedio dos impactos non deberá superar os 35 mm.

De cada serie de 6 impactos, catro de eles serán efectuados a cero graos respecto da perpendicular e dous dos impactos da serie serán realizados con con 30/45 graos de inclinación.

Aqueles licitadores que oferten uns modelos de chalecos e de paneis balísticos concretos que teñan o certificado oficial do nivel IIIA expedido polo propio organismo norteamericano National Institute of Justice (NIJ) tamén deberán aportalo xunto coa documentación de resultados de probas e ensaios de laboratorio que se esixen presentar para acreditar o nivel de protección balística que se require presentar por todos os licitadores.

Se admitirán tamén aqueles licitadores que oferten un modelo de chaleco persoal antibalas de uso exterior que dispoña de un resultado de test de laboratorio que permita a súa clasificación dentro do nivel HG2 (ou nivel superior) definido na norma técnica do Reino Unido "HOSDB Body Armour Standards for UK Police (2007)" (Publication No. 39/07, partes 1 e 2, do ano 2007).

Tamén se admitirán aqueles licitadores que oferten un modelo de chaleco persoal antibalas de uso exterior que dispoña de un resultado de test de laboratorio que permita a súa clasificación dentro do nivel HO2 (ou nivel superior) definido na norma técnica do Reino Unido HOSDB-2017. "*Home Office Body Armour Standard (2017)*" (Publication No. 012/17 CAST do ano 2017).

Protección contra arma branca do chaleco de uso exterior:

O chaleco individual de uso exterior deberán ter un certo grao de protección anti-arma branca. Para isto, a protección que deberán ofrecer os chalecos e que deberá acreditar segundo os ensaios de resistencia será polo menos a seguinte:

- Protección contra agresións con arma branca de dobre fio cortante (coitela de tipo S1/G, NIJ-0115.00 e HOSB-UK) cunha enerxía de 24 J.

Todos os licitadores deberán entregar xunto coa documentación da oferta que presenten o/s correspondente/s certificado/s dos resultados de ensaios de impacto por arma branca en laboratorio, que deberán ser realizados coas condicións materiais establecidas na norma NIJ STD 0115-00, ou ben, alternativamente as da norma "*HOSB Body Armour Standard for UK Police (2007). Part 3: Knife and Spike Resistance.*" do ano 2007.

Resultados mínimos esixidos no test de resistencia a impactos de arma branca:

O test do laboratorio que comprobe a resistencia do chaleco contra impactos e agresións con arma branca deberá indicar un resultado de penetración máxima de 20 mm para os impactos individuais realizados con coitelas e nun ángulo de cero graos.

O informe de resultados do test/ensaio aportado por cada licitador será realizado nas condicións materiais definidas na norma norteamericana NIJ Standard 0115.00 "*Stab Resistance Of Personal Body Armour*" do National Institute of Justice (NIJ) do ano 2000.

Se admitirán tamén aqueles licitadores que oferten un modelo de chaleco persoal de uso exterior que dispoña de un resultado de test que permita a súa clasificación dentro do nivel 1 ou dos niveis superiores definidos na norma norteamericana NIJ Standard 0115.00 tanto para a ameaza con coitelo como con punzón: é dicir Level 1, Level 2 ou Level 3 na clase *Edged Blade Protection Class* (coitela) ou na clase *Spike Protection Class* (punzón).

Tamén se admitirán aqueles ofertas dos licitadores cuxos chalecos persoais de protección de uso exterior presenten a documentación de laboratorios que indiquen un resultado de clasificación do panel e/ou chaleco protector de nivel e clase KR1 contra arma branca ou de nivel/clase KR1+SP1 ou de niveis superiores anticoitelo e antipunzón definidos na norma técnica do Reino Unido "HOSDB Body Armour Standards for UK Police (2007). Part 3: Knife and Spike Resistance." (Publication No. 39/07/C) do ano 2007.

Tamén se admitirá a presentación de documentación de laboratorio (con nivel protector anti-arma branca KR1 ou KR1+SP1 ou superiores) realizada en base á norma técnica do Reino Unido HOSDB-2017. "*Home Office Body Armour Standard (2017)*" (Publication No. 012/17, CAST do ano 2017).

Laboratorios de ensaios para chalecos de uso exterior:

Se excluirán as ofertas de aqueles licitadores que non presentasen xunto coa súa oferta a documentación técnica dos resultados dos citados ensaios requeridos en laboratorios recoñecidos e acreditados. Os licitadores serán responsables de que ditos ensaios se correspondan cos modelos concretos de chalecos e de paneis de protección que ofrecen ao concello. O adxudicatario é responsable de que as unidades finalmente subministradas ao concello se correspondan cos modelos, calidades, materiais e prestacións especificadas na documentación aportada na súa oferta.

Os resultados, certificados e informes serán procedentes de laboratorios oficiais ou que estean homologados para o tipo de proba que se trate (proba de resistencia balística ou proba fronte impacto por arma branca), ou de aqueles laboratorios de ensaio acreditados por ENAC en España, como o do Instituto Tecnolóxico AITEX, ou ben expedidos por outros laboratorios e organismos notificados que tamén estean capacitados e acreditados de dentro ou de fóra de España. Serán admitidos os informes de resultados de ensaios e de test realizados por outros laboratorios acreditados e organismos notificados europeos de outros países distintos de España.

Aqueles informes e documentos que se presenten en idiomas distintos de castelán estarán debidamente acompañados de unha tradución ao español, que sexa completa e fidedigna.

A documentación dos resultados e informes dos ensaios e test de laboratorios e dos demais certificados aportados deberá estar debidamente datada e asinada.

Paneis ou paquetes de protección do chaleco de uso exterior:

Todos os paneis de protección incorporados no chaleco de uso exterior terán a súa propia funda envolvente protectora individual contra a humidade e a radiación solar. Estas fundas dos paquetes de láminas balísticas de protección se termoselarán para evitar que poida entrar polas xuntas das fundas a humidade e auga e que isto poidan afectar ao interior dos paneis.

Os paneis ou paquetes balísticos, incluíndo a súa propia funda antihumidade, terán un espesor máximo de 8 mm. Os paneis ou paquetes ofrecerán lixeireza e terán certo grao de flexibilidade, o que permitirá o seu uso durante períodos de traballo prolongados.

Todos os paneis estarán rotulados de forma indeleble polo seu fabricante coa información máis relevante. Como mínimo en cada un dos paneis balísticos constarán os seguintes datos: o nome, logo e outra información identificativa do fabricante, o nivel de protección, o número de lote, número de serie, data de fabricación, a denominación do modelo, a identificación de cara externa (cara de impactos) ou da cara interna do propio panel balístico (cara a poñer en contacto co corpo), etc.

Se admitirán ofertas de licitadores de aqueles chalecos de protección de uso exterior que teñan previsto dende fábrica e como opción complementaria de uso a maiores destes paneis/paquetes esixidos no prego, a incorporación de unhas placas adicionais de protección extra (balística, antitrauma, antipunzón, etc).

Os paquetes ou paneis protectores serán extraíbles respecto dos bolsillos da funda externa do chaleco aos efectos de permitir por exemplo, efectuar a operación de quitar e reemplazar un panel deteriorado, unha inspección ou comprobación dos paneis, ou ben, para retirar os paneis protectores e permitir un lavado e limpeza da funda externa do chaleco.

Funda exterior do chaleco antibalas de uso externo:

Esta parte terá que adaptarse á talla e forma anatómica do usuario ou usuaria. A funda do chaleco disporá de sistemas de axuste individual que permitan ao usuario a regulación e a colocación máis correcta e cómoda posible, con cintas de tipo velcro (de púas e rizo), cremalleiras, elementos elásticos, etc.

Esta funda do chaleco terá un sistema de bolsillos para suxeitar e portar no seu interior as placas e/ou paneis de protección balística.

O tecido da funda exterior será lixeiro, transpirable, e resistente aos rozamentos e ao desgaste polo uso.

A funda será lavable.

Etiquetado dos chalecos:

Todas as unidades de fundas exteriores do chaleco antibalas **estarán** etiquetadas e rotuladas de forma indeleble coa información máis relevante e como mínimo a seguinte: o nome, o logo e outra información identificativa do seu fabricante, o nivel de protección, o número de serie, a data de fabricación, a denominación do modelo, a talla concreta do chaleco, etc.

Unidade de recambio da funda de uso exterior:


Con cada unidade de chaleco persoal de uso externo **se** subministrará outra funda exterior adicional, de recambio, que terá exactamente as mesmas características.

Bolsa de transporte do chaleco:

Cada unidade de chaleco deberá ser subministrado xunto cunha bolsa de transporte de lona ou semellante e con asas. Esta bolsa terá un peche por cremalleira. A bolsa será de cor negra ou azul escuro.

Cor do chaleco antibalas de uso externo:

A funda do chaleco exterior de protección será de cor negra ou azul escura. Valoraranse positivamente aquelas ofertas que permitan optativamente encargar e subministrar ao concello chalecos de tipo bicolor (por exemplo, azul claro pantone 300 C e azul marino pantone 296 C ou ben unha combinación coa cor amarelo fluorescente de alta visibilidade).



Persoalización da funda do chaleco de uso externo:

-Parte frontal: Esta funda do chaleco de protección de uso exterior levará na súa cara/parte frontal externa uns parches de velcro ou similar (rizos suaves) que permitan a colocación de placa-insignia e as divisas de graduación.

-Parte dorsal: Pola parte posterior destas fundas dos chalecos de protección estarán persoalizados, incorporando unha serigrafía coherente coa imaxe corporativa da policía local en Galicia.

Valorarase positivamente que a funda do chaleco exterior antibalas poida encargarse e subministrarse (se así o solicitase expresamente o concello ao adxudicatario) de forma optativa dotadas con sistemas de fixación de tipo "Molle" ou mesmo, que as propias fundas se poidan encargar e confeccionar opcionalmente con petos exteriores engadidos para gardar obxectos miúdos.

Tallas do chaleco de uso externo:

O adxudicatario ofrecerá distintas tallas e dimensións para os chalecos antibalas que se teñan que subministrar para adaptarse o mellor posible á persoa usuaria. Como mínimo deben estar disponibles e ofrecerse cinco tallas diferentes (S/M/L/XL/XXL).

Peso do chaleco de uso externo:

O peso total do chaleco de uso exterior completo (inclusive a funda e os seus paneis protectores) na talla L será como máximo de 2.600 gramos (2,6 kg).

Superficie mínima protexida do chaleco de uso exterior:

A superficie total protexida pola talla L do chaleco de uso exterior será como mínimo de 0,29 m² (2.900 cm²).

Garantía contra defectos do produto:

Cada chaleco antibalas de uso externo estará garantido por escrito contra os defectos de fabricación e o fabricante responsabilizarase das consecuencias de posibles defectos que poideran aparecer nas unidades fabricadas e subministradas. Polo tanto, este risco estará cuberto por un seguro de responsabilidades civís (R.C.) que cubra as indemnizacións económicas polas perdas, danos ou prexuízos que poida causar un defecto da fabricación e dos seus materiais e compoñentes.

Cada licitador deberá aportar xunto coa oferta aquela documentación que acredite a existencia dunha póliza de seguro de R.C. que estea vixente e que teña cobertura en España. A póliza de R.C. do fabricante do chaleco que resulte finalmente adxudicatario deberá manterse vixente por un período igual ao da garantía do chaleco.

A garantía contra defectos de fabricación debe extenderse por un período de vixencia de 10 anos.

O capital asegurado por esta póliza de seguro de R.C. (póliza que debe estar subscripta en España) será como mínimo de 1.000.000 euros (1 millón de euros).

A maiores da póliza de R.C. subscripta en España, e no caso de dispoñer de outras pólizas de seguro de R.C. contratadas para este mesmo risco de posibles fallos ou defectos de fabricación e dos materiais dos chalecos e que fosen subscriptas fóra de España tamén se aportarán ditas pólizas xunto coa documentación da póliza esixida e demais documentación da oferta presentada.

A documentación aportada, tanto da garantía por escrito do fabricante (contra os fallos dos materiais e do proceso de fabricación) como tamén da póliza de seguro estará alomenos en idioma español.

Poderán excluírse as ofertas de aqueles licitadores que non presentasen dita documentación acreditativa da póliza de seguro e da garantía.

Esperanza de vida útil do chaleco de uso externo:

Os chalecos e os seus paneis balísticos que o adxudicatario facilite deberán ser unidades fabricadas no ano da adxudicación ou ben como máximo que fosen fabricadas nos 12 meses anteriores á data da sinatura do contrato, para non restarlles vida útil dos mesmos.

Todos os licitadores, na súa oferta, deberá aportar por escrito o dato da esperanza de vida útil mínima garantida para os chalecos. En todo caso, se esixe que a esperanza de vida útil e na que se esixe garantir que se mantén a súa eficacia de protección fronte a ameaza por arma de fogo e por arma branca sexa como mínimo de 5 anos a contar dende a data da fabricación dos chalecos e dos paneis protectores.

Valorarase positivamente as ofertas nas que o fabricante do chaleco se responsabilice de garantir que se conserva esa protección contra arma de fogo e arma branca por un período de tempo maior ao mínimo esixido.

Se o licitador ofrece un modelo de chaleco que dispoña de unha esperanza de vida útil que sexa superior a 5 anos con garantía de manter a súa eficacia protectora deberá presentar un documento asinado no que así se especifique que o chaleco que se fabrica conserva a súa eficacia de protección fronte a agresión por arma de fogo e arma branca durante un período maior de 5 anos.

Neste documento se deberá concretar polo fabricante o número de anos dende a data de fabricación durante os cales o fabricante ofrece garantía de eficacia de protección para a persoa usuaria do chaleco. Valorarase positivamente aos licitadores que ofrezan unha esperanza maior dos 5 anos esixidos como mínimo.

Documentación a entregar con cada unidade de chaleco individual de uso externo:

Os chalecos individuais antibalas de uso externo se entregarán acompañados cada un de eles cunha copia tamén individual da seguinte documentación destinada ao seu usuario final: o contrato de garantía do produto, as certificacións dos niveis de protección, as instrucións e normas de uso, advertencias de seguridade, e as pautas de conservación, revisión e limpeza.

Toda esta documentación que se entregue con cada chaleco estará redactada alomenos en idioma español.

Relación / inventario de unidades de chaleco de uso externo:

O adxudicatario deberá aportar ao concello de Santiago unha relación ou inventario documentado que certifique os datos identificativos e de trazabilidade de cada unha das unidades do chaleco antibalas de uso externo que lle subministre ao concello: modelo de chaleco e de paneis protectores que leva, o número de lote dos seus compoñentes e data de fabricación de cada unidade e panel, etc.

Mostras a presentar polos licitadores:

Os licitadores para poder ser valoradas as súas ofertas deberán presentar xunto coas ofertas as seguintes mostras:

- Un chaleco antibalas de mostra completo para uso externo (con paneis/paquetes balísticos incluídos, é dicir, un chaleco de uso exterior que estea listo para usar) masculino de talla L e tamén outro chaleco feminino completo de talla L.
- Dúas probetas ou mostras de material (de tamaño mínimo de 300 mm por 300 mm) que sexa idéntica de construción e composición aos paneis de protección balística que levan os chalecos ofertados.

As mostras de cada un dos licitadores deberán presentarse debidamente precintadas. As mostras deben ir acompañadas dunha documentación descritiva que detalle as características e prestacións.

Memoria descritiva a presentar polos licitadores sobre os chalecos de uso externo:

Xunto coas mostras e coa documentación da oferta cada un dos licitadores deberán presentar a súa memoria descritiva da oferta de chaleco de protección de uso externo. En dita memoria técnica da oferta especificarán de forma pormenorizada as características (materiais, tecidos, deseño, peso, etc).

Trazabilidade e calidade dos chalecos de uso externo:

Todos os licitadores deberán presentar o documento que acredite que nos procesos de fabricación dos chalecos e dos seus compoñentes/materiais se dispón dun sistema de xestión e control de calidade da produción dos chalecos que estea certificado nas normas ISO 9001.

Comprobación de calidades, valoración de aptitude para o uso e exame/test de mostras:

Durante o proceso de licitación a xefatura da policía local de Santiago poderá levar a cabo os ensaios, probas e verificacións que considere necesarios para comprobar a calidade dos artigos ofertados por cada un dos licitadores e a adecuación, aptitude e correspondencia de cada un dos chalecos ofertados á finalidade que se pretende coa subministración.

Os chalecos de mostra de uso externo que presenten os licitadores servirá para avaliar o grao de confort e de aptitude para o uso dos mesmos, podendo ser excluído da licitación calquera modelo de chaleco que sexa incómodo ou non útil ou non apto para o traballo no servizo policial.

Unha vez adxudicado o contrato se poderán devolver as mostras presentadas (agás as probetas) aos seus titulares. O chaleco de mostra do modelo concreto que fose finalmente seleccionado e adxudicado na licitación quedará en depósito na Policía Local como referente para verificar que o subministro se está a corresponder coa unidade de mostra inicialmente presentada e seleccionada.

As probas, ensaios ou test sobre as mostras dos licitadores poderán ser de tipo destrutivo. A falta de presentación das mostras que se esixen poderá ser motivo de exclusión do licitador.

23.-CHALECO PERSOAL DE PROTECCIÓN ANTIBALA DE USO INTERIOR.

DESCRICIÓN:

Os chalecos persoais de uso interno (por debaixo da roupa) pola súa natureza, serán o menos perceptibles posible. Ofrecerán protección e resistencia fronte aos danos por impactos producidos por munición de armas de fogo (protección balística) e así mesmo tamén ofrecerán resistencia e protección contra agresións por arma branca (coitelos e punzóns). O nivel de protección esixido deberá ser certificado polo correspondente fabricante.

Xa que cada chaleco individual debe adaptarse á forma anatómica da persoa, o adxudicatario estará obrigado a fornecer chalecos femininos e chalecos de tallas especiais cando sexa requirido a iso.

O chaleco de protección de uso interno debe reunir certas calidades de confort, especialmente no que se refire a peso, espesor, flexibilidade e acomodación ao corpo. O chaleco de uso interno permitirá ao seu usuario os movementos necesarios no traballo policial, como por exemplo, labores en bipedestación, sentado no vehículo-patrulla, conducción de vehículos, manexo de arma con ambas mans, etc. O chaleco de uso interno nas tarefas e movementos non deberá causar molestias, especialmente, no pescozo e axilas.

O chaleco de uso interno debe protexer o torso e abarcar ata a cintura. O chaleco ofrecerá protección do torso en 360° (frontal, traseira e partes dorsais ou laterais do tórax).

Protección balística do chaleco de uso interior:

O chaleco persoal de uso interior deberá ofrecer unha protección balística mediante certificados de ensaios de laboratorios que demostre ser compatible coa clasificada do nivel de protección IIIA (nivel definido na norma/estándar norteamericana NIJ STD 0101.04, "*Ballistic Resistance of Personal Body Armor*" do ano 2000 e a "Interim Requirements 2005 for Bullet Resistant Body Armor", do National Institute of Justice).

Tamén se admitirán aqueles chalecos antibalas que demostren mediante informes e certificados de ensaios en laboratorio que acaden resultados de resistencia balística compatibles coa clasificación deste mesmo nivel IIIA na norma/estándar norteamericana NIJ STD 0101.06 "*Ballistic Resistance of Body Armor*".

Para isto, a protección que deberán ofrecer os paneis balísticos do chaleco e que deberá acreditar segundo os ensaios de resistencia aos impactos será polo menos a seguinte:

- Protección contra munición de 9 mm, tipo Parabellum FMJ RN, (mín. 8,0 g / 124 grain) a unha distancia de 5 metros e cunha velocidade de 1430 ft/s (436 m/s).
- Protección contra munición de 10,9 mm, tipo 0.44 Magnum SJHP (15,6 g / 240 grain) a unha distancia de 5 metros e cunha velocidade de 1430 ft/s (436 m/s).

Todos os licitadores deberán entregar xunto coa documentación da oferta que presenten o/s correspondente/s certificado/s dos resultados de ensaios de impactos de munición en laboratorio, que deberán ser realizados coas condicións materiais establecidos na norma NIJ STD 0101.04 (ou ben, alternativamente coas municións e condicións establecidas na norma NIJ STD 0101-06, para armas clasificadas de tipo IIIA).

Resultados mínimos esixidos no test de resistencia a impactos de arma de fogo:

O conxunto da serie de seis impactos desta munición realizados en laboratorio quedarán todos detidos polo panel balístico e polo tanto en ningún de eles poderá haber unha penetración.

O trauma ou a pegada individual e máxima dos impactos non deberá en ningún caso superar os 44 mm de profundidade.

O trauma en promedio dos impactos non deberá superar os 35 mm.

De cada serie de 6 impactos de munición, catro de eles serán efectuados a cero graos respecto da perpendicular e dous dos impactos da serie serán realizados con 30/45 graos de inclinación.

Aqueles licitadores que oferten uns modelos de chalecos de uso interior e de paneis balísticos concretos que teñan o certificado oficial do nivel IIIA expedido polo propio organismo norteamericano National Institute of Justice (NIJ) tamén deberán aportalo xunto coa documentación de resultados de probas e ensaios de laboratorio que se esixen presentar para acreditar o nivel de protección balística que se require presentar por todos os licitadores.

Se admitirán tamén aqueles licitadores que oferten un modelo de chaleco persoal antibalas de uso interno que dispoña de un resultado de test de laboratorio que permita a súa clasificación dentro do nivel HG2 (ou nivel superior) definido na norma técnica do Reino Unido "HOSDB Body Armour Standards for UK Police (2007)" (Publication No. 39/07, partes 1 e 2, do ano 2007).

Tamén se admitirán aqueles licitadores que oferten un modelo de chaleco persoal antibalas de uso interno que dispoña de un resultado de test de laboratorio que permita a súa clasificación dentro do nivel HO2 (ou nivel

superior) definido na norma técnica do Reino Unido HOSDB-2017. "*Home Office Body Armour Standard (2017)*" (Publication No. 012/17, CAST do ano 2017).

Protección contra arma branca do chaleco persoal de uso interior:

O chaleco individual de uso interior deberá ter un certo grao de protección anti-arma branca. Para isto, a protección que deberán ofrecer os chalecos e que deberá acreditar segundo os ensaios de resistencia será polo menos a seguinte:

- Protección contra agresións con arma branca de dobre fío cortante (coitela de tipo S1/G, NIJ-0115.00 e HOSB-UK) cunha enerxía de 24 J.

Todos os licitadores deberán entregar xunto coa documentación da oferta que presenten o/s correspondente/s certificado/s dos resultados de ensaios de impacto por arma branca en laboratorio, que deberán ser realizados coas condicións materiais establecidas na norma NIJ STD 0115-00, ou ben, alternativamente as da norma "*HOSB Body Armour Standard for UK Police (2007). Part 3: Knife and Spike Resistance.*" do ano 2007. Tamén se admiten presentar ensaios realizados en laboratorio en base á norma técnica do Reino Unido HOSDB-2017. "*Home Office Body Armour Standard (2017)*" (Publication No. 012/17, CAST do ano 2017).

Resultados mínimos esixidos no test de resistencia a impactos de arma branca:

O test do laboratorio que comprobe a resistencia do chaleco de uso interior contra impactos e agresións con arma branca deberá indicar un resultado de penetración máxima de 20 mm para os impactos individuais realizados nun ángulo de cero graos.

O informe de resultados do test/ensaio aportado por cada licitador será realizado nas condicións materiais definidas na norma norteamericana NIJ Standard 0115.00 "*Stab Resistance Of Personal Body Armour*" do National Institute of Justice (NIJ) do ano 2000.

Se admitirán tamén aqueles licitadores que oferten un modelo de chaleco persoal que dispoña de un resultado de test que permita a súa clasificación dentro do nivel 1 ou dos niveis superiores definidos na norma norteamericana NIJ Standard 0115.00 tanto para a ameaza con coitelo como con punzón: é dicir Level 1, Level 2 ou Level 3 na clase *Edged Blade Protection Class* (coitela) ou na clase *Spike Protection Class* (punzón).

Tamén se admitirán aqueles ofertas dos licitadores cuxos chalecos persoais de protección presenten a documentación de laboratorios que indiquen un resultado de clasificación do panel e/ou chaleco protector de nivel e clase KR1 contra arma branca ou de nivel/clase KR1+SP1 ou de niveis superiores anticoitelo e antipunzón definidos na norma técnica do Reino Unido "*HOSDB Body Armour Standards for UK Police (2007). Part 3: Knife and Spike Resistance.*" (Publication No. 39/07/C) do ano 2007.

Tamén se admitirá a presentación de documentación de ensaio de laboratorio (con nivel KR1 ou KR1+SP1 ou superiores) realizada en base á norma técnica do Reino Unido HOSDB-2017. "*Home Office Body Armour Standard (2017)*" (Publication No. 012/17, CAST do ano 2017).

Laboratorios de ensaios para chalecos de uso exterior:

Se excluirán as ofertas de aqueles licitadores que non presentasen xunto coa súa oferta a documentación técnica dos resultados dos citados ensaios requeridos en laboratorios recoñecidos e acreditados. Os licitadores

serán responsables de que ditos ensaios se correspondan cos modelos concretos de chalecos e de paneis de protección que ofrecen ao concello. O adxudicatario é responsable de que as unidades finalmente subministradas ao concello se correspondan cos modelos, calidades, materiais e prestacións especificadas na documentación aportada na súa oferta.

Os resultados, certificados e informes serán procedentes de laboratorios oficiais ou que estean homologados para o tipo de proba que se trate (proba de resistencia balística ou proba fronte impacto por arma branca), ou de aqueles laboratorios de ensaio acreditados por ENAC en España, como o do Instituto Tecnolóxico AITEX, ou ben expedidos por outros laboratorios e organismos notificados que tamén estean capacitados e acreditados de dentro ou de fóra de España. Serán admitidos os informes de resultados de ensaios e de test realizados por outros laboratorios acreditados e organismos notificados europeos de outros países distintos de España.

Aqueles informes e documentos que se presenten en idiomas distintos de castelán estarán debidamente acompañados de unha traducción ao español, que sexa completa e fidedigna.

A documentación dos resultados e informes dos ensaios e test de laboratorios e dos demais certificados aportados deberá estar debidamente datada e asinada.

Paneis ou paquetes de protección do chaleco de uso interior:

Todos os paneis de protección incorporados no chaleco de uso interno terán a súa propia funda envolvente protectora individual contra a humidade e a radiación solar. Estas fundas dos paquetes de láminas balísticas de protección se termoselarán para evitar que poida entrar polas xuntas das fundas a humidade e auga e que isto poidan afectar ao interior dos paneis.

Os paneis ou paquetes balísticos do chaleco de uso interior, incluíndo a súa propia funda antihumidade, terán un espesor máximo de 6 mm. Os paneis ou paquetes do chaleco de uso interior ofrecerán lixeireza e terán certo grao de flexibilidade, o que permitirá o seu uso durante períodos de traballo prolongados.

Todos os paneis balísticos estarán rotulados de forma indeleble polo seu fabricante coa información máis relevante. Como mínimo en cada un dos paneis balísticos constarán os seguintes datos: o nome do fabricante, logotipos e outra información identificativa do seu fabricante, o nivel de protección, o número de lote, número de serie, data de fabricación do panel, a denominación do modelo de panel, a identificación de cara externa (cara de impactos) ou da cara interna do propio panel balístico (cara a poñer en contacto co corpo), etc.

Se admitirán ofertas de licitadores de aqueles chalecos de uso interior que teñan previsto dende fábrica e como opción complementaria de uso a maiores destes paneis/paquetes esixidos no prego, a incorporación de placas adicionais de protección que doten ao chaleco de unha protección extra (p.ex. balística, antitrauma, antipunzón, etc).

Os paquetes ou paneis protectores serán extraíbles respecto dos bolsillos da funda externa do chaleco aos efectos de permitir por exemplo, efectuar a operación de reemplazo dun panel deteriorado, unha inspección ou comprobación dos paneis, ou ben, para retirar os paneis e permitir un lavado e limpeza da funda externa do chaleco.

Funda exterior do chaleco antibalas de uso interno:

Esta parte do chaleco de uso interno terá que adaptarse á talla e forma anatómica do usuario ou usuaria. A funda do chaleco de uso interno disporá de sistemas de axuste individual que permitan ao usuario a regulación

e a colocación máis correcta e cómoda posible do chaleco, mediante cintas de tipo velcro (de púas e rizos), cremalleiras, elementos elásticos, etc.

Esta funda do chaleco terá un sistema de bolsillos para suxeitar e portar no seu interior as placas ou paneis de protección balística.

O tecido da funda exterior do chaleco será lixeiro, transpirable, e resistente aos rozamentos e ao desgaste polo uso.

A funda do chaleco será lavable.

Etiquetado dos chalecos de uso interno:

Todas as unidades de fundas exteriores do chaleco antibalas de uso interno estarán etiquetadas e rotuladas de forma indeleble coa información máis relevante e como mínimo a seguinte: o nome do fabricante, os logotipos e outra información identificativa do seu fabricante, o nivel de protección, o número de serie, a data de fabricación, a denominación do modelo, a talla concreta do chaleco, etc.

Unidade de recambio da funda do chaleco de uso interno:

Con cada unidade de chaleco persoal de uso interior se subministrará outra funda exterior adicional de recambio que terá exactamente as mesmas características.

Bolsa de transporte do chaleco de uso interior:

Cada unidade de chaleco de uso interior deberá ser subministrado xunto cunha bolsa de transporte de lona ou semellante e con asas. Esta bolsa terá un peche por cremalleira. A bolsa será de cor negra ou azul escuro.

Cor do chaleco antibalas de uso interior:

A funda do chaleco de uso interior de protección será negra ou azul escura. Valoraranse positivamente aquelas ofertas que permitan optativamente encargar e subministrar ao concello algunhas unidades de fundas de chalecos de cor branca.

Tallas do chaleco de uso interno:

O adxudicatario ofrecerá distintas tallas e dimensións para os chalecos antibalas de uso interior que se teñan que subministrar para adaptarse o mellor posible á persoa usuaria. Como mínimo deben estar disponibles e ofrecerse cinco tallas diferentes (S/M/L/XL/XXL).

Peso do chaleco de uso interno:

O peso total de un chaleco de uso interior completo (inclusive o peso da funda e dos seus paneis protectores, listo para o seu uso) na talla L será como máximo de 2.200 gramos (2,2 kg).

Superficie mínima protexida co chaleco de uso interno:

A superficie total protexida pola talla L do chaleco de uso interno será como mínimo de 0,29 m² (2.900 cm²).

Garantía contra defectos do produto:

Cada chaleco antibalas de uso interno estará garantido por escrito contra os defectos de fabricación e o fabricante responsabilizarase das consecuencias de posibles defectos que poideran aparecer nas unidades fabricadas e subministradas. Polo tanto, este risco estará cuberto por un seguro de responsabilidades civís (R.C.) que cubra as indemnizacións económicas polas perdas, danos ou prexuízos que poida causar un defecto da fabricación e dos seus materiais e compoñentes.

Cada licitador deberá aportar xunto coa oferta aquela documentación que acredite a existencia dunha póliza de seguro de R.C. que estea vixente e que teña cobertura en España. A póliza de R.C. do fabricante do chaleco que resulte finalmente adxudicatario deberá manterse vixente por un período igual ao da garantía do chaleco. A garantía contra defectos de fabricación debe extenderse por un período de vixencia de 10 anos. O capital asegurado por esta póliza de seguro de R.C. (póliza que debe estar subscrita en España) será como mínimo de 1.000.000 euros (1 millón de euros).

A maiores da póliza de R.C. subscrita en España, e no caso de dispoñer de outras pólizas de seguro de R.C. contratadas para este mesmo risco de posibles fallos ou defectos de fabricación e dos materiais dos chalecos e que fosen subscritas fóra de España tamén se aportarán ditas pólizas xunto coa documentación da póliza esixida e demais documentación da oferta presentada.

A documentación aportada, tanto da garantía por escrito do fabricante (contra os fallos dos materiais e do proceso de fabricación) como tamén da póliza de seguro estará alomenos en idioma español. Poderán excluírse as ofertas de aqueles licitadores que non presentasen dita documentación acreditativa da póliza de seguro e da garantía.

Esperanza de vida útil do chaleco de uso interno:

Os chalecos e os seus paneis balísticos que o adxudicatario facilite ao concello deberán ser unidades fabricadas no ano da adxudicación ou ben como máximo que fosen fabricadas nos 12 meses anteriores á data da sinatura do contrato, para non restarlles vida útil dos mesmos.

Todos os licitadores, na súa oferta, deberá aportar por escrito o dato da esperanza de vida útil mínima garantida para os chalecos. En todo caso, se esixe que a esperanza de vida útil e na que se esixe garantir que se mantén e se conserva a súa eficacia de protección fronte a ameaza por arma de fogo e por arma branca sexa como mínimo de 5 anos a contar dende a data da fabricación dos chalecos e dos paneis protectores.

Valorarase positivamente as ofertas nas que o fabricante do chaleco se responsabilice de garantir que se conserva esa protección contra arma de fogo e arma branca en un período de tempo maior ao mínimo esixido.

Se o licitador ofrece un modelo de chaleco que dispoña de unha esperanza de vida útil que sexa superior a 5 anos con garantía de manter a súa eficacia protectora deberá presentar un documento asinado no que así se especifique que o chaleco que se fabrica dispón de eficacia de protección durante un período maior de 5 anos.

Neste documento se deberá concretar polo fabricante o número de anos dende a data de fabricación durante os cales o fabricante ofrece garantía de protección para a persoa usuaria do chaleco. Valorarase positivamente que ofrezan unha esperanza maior dos 5 anos esixidos como mínimo.


Documentación a entregar con cada unidade de chaleco individual de uso interno:

Os chalecos individuais antibalas se entregarán acompañados cada un de eles cunha copia tamén individual da seguinte documentación: o contrato de garantía do produto, as certificacións dos niveis de protección e instrucións e normas de uso, advertencias e pautas de conservación, revisión e limpeza.

Toda esta documentación estará redactada alomenos en idioma español.

Relación / inventario de unidades do chaleco de uso interno:

O adxudicatario deberá aportar ao concello de Santiago unha relación ou inventario documentado que certifique os datos identificativos e de trazabilidade de cada unha das unidades do chaleco antibalas



CONCELLO DE SANTIAGO

subministradas ao concello: modelo de chaleco e de paneis protectores que leva, o número de lote dos seus compoñentes, e data de fabricación de cada un das unidades, etc.

Mostras a presentar polos licitadores:

Os licitadores para poder ser valoradas as súas ofertas deberán presentar xunto coas ofertas as seguintes mostras:

- Un chaleco antibalas de mostra completo (con paneis/paquetes balísticos incluídos, chaleco de uso interno listo para usar) masculino de talla L e tamén outro chaleco feminino completo de talla L.
- Dúas probetas ou mostras de material (de tamaño mínimo de 300 mm por 300 mm) que sexa idéntica de construción e composición aos paneis de protección balística que levan os chalecos ofertados.

As mostras de cada un dos licitadores deberán presentarse debidamente precintadas.

Memoria descriptiva a presentar polos licitadores sobre os chalecos de uso interior:

Xunto coas mostras e coa documentación da oferta cada un dos licitadores deberán presentar a súa memoria descriptiva da oferta de chaleco de protección de uso interior, na que especificarán de forma pormenorizada as características.

Trazabilidade e calidade dos chalecos de uso interior:

Todos os licitadores deberán presentar o documento que acredite que nos procesos de fabricación dos chalecos e dos seus compoñentes/materiais se dispón dun sistema de xestión e control de calidade da produción certificado nas normas ISO 9001.

Comprobación de calidades, valoración de aptitude para o uso e exame/test de mostras:

Durante o proceso de licitación a xefatura da policía local de Santiago poderá levar a cabo os ensaios, probas e verificacións que considere necesarios para comprobar a calidade dos artigos ofertados por cada un dos licitadores e a adecuación, aptitude e correspondencia de cada un dos chalecos ofertados á finalidade que se pretende coa subministración.

O chaleco de mostra que presenten os licitadores servirá para avaliar o grao de confort dos mesmos, podendo ser excluído da licitación calquera modelo que sexa incómodo ou non útil ou non apto para o servizo policial.

Unha vez adxudicado o contrato se poderán devolver as mostras presentadas (agás as probetas) aos seus titulares. O chalecos de mostra do modelo concreto que fose finalmente seleccionado e adxudicado na licitación quedará en depósito na Policía Local como referente para verificar que o subministro se está a corresponder coa mostra inicialmente presentada e seleccionada.

As probas ou test sobre as mostras dos licitadores poderán ser de tipo destrutivo. A falta de presentación das mostras que se esixen poderá ser motivo de exclusión do licitador.

24.- PARKA IMPERMEABLE DE ALTA VISIBILIDADE.

DESCRIPCIÓN:

Peza impermeable lixeira de tipo parka ou similar, de cor amarela fluorescente de Alta Visibilidade (A.V.). Esta peza será un Equipo de Protección Individual (EPI) que poderá empregarse para protexerse da chuvia e

de condicións meteorolóxicas adversas nos traballos na intemperie. Ao mesmo tempo, esta peza impermeable tamén será un E.P.I. de Alta Visibilidade (A.V.) que polas súas características se utilizará para sinalizar e protexer á persoa fronte ao risco de accidentes e atropelos por vehículos e dos perigos de accidentes relacionados coas condicións deficientes de luz/visibilidade e/ou a ausencia ou dificultade na visibilidade da persoa. Por esta razón, o impermeable que se subministre ao concello deberá estar certificado polo seu fabricante como un E.P.I. de Alta Visibilidade (A.V.) e disporá do marcado CE indeleble en cada unha das unidades.

O impermeable pertencerá á Clase 3 (superior) da roupa (E.P.I.) de Alta Visibilidade. Este impermeable debe ser un E.P.I. certificado polo fabricante na norma europea EN ISO 20471 e demais normas concordantes.

Petos:

O impermeable leva dous petos tipo oxal ou similar e con tapeta nas partes dianteiras. Un peto na parte esquerda e outro peto na parte dereita. Os petos se pecharán cunhas tapetas e con broches a presión. Cada peto se deberá pechar con alomenos dous broches a presión que irán na tapeta. Os petos terán aproximadamente uns 160 mm de boca de anchura.

Peche e cremalleira frontal do impermeable:

O impermeable pechará na parte frontal e central mediante unha cremalleira hidrófuga a cal unirá as dúas metades frontais, esquerda e dereita, do impermeable.

Mangas do impermeable:

As mangas do impermeable que serán de cor amarelo fluorescente de alta visibilidade (acorde coa norma EN ISO 20471) levarán incorporadas dúas cintas de material retroreflectante de cor branca/gris que cumpra coas especificacións da norma EN ISO 20471. As bandas retro-reflectantes serán perimetrais e continuas en 360 graos rodeando cada manga. As cintas serán de tipo liso.

Cada unha de ditas cintas reflectoras deberán ter alomenos uns 50 mm de anchura aproximadamente, ou ben, terán a anchura que se esixa para que o impermeable poida certificarse como EPI e cumpra a norma de alta visibilidade (norma EN ISO 20471)

As mangas pecharán mediante trabilla colocadas nos puños. Serán peches axustables con un sistema de velcro ou similar de tiras de púas e rizos.

Dianteiros do impermeable:

O torso levará dúas cintas de material retroreflectante de cor branca/gris prata que cumpra coas especificacións da norma EN ISO 20471. Estas cintas serán horizontais.

As bandas retro-reflectantes serán perimetrais e continuas en 360 graos rodeando o torso (ofrecendo polo tanto unha visibilidade e sinalización na parte frontal, traseira e lateral). As cintas serán de tipo liso.

Cada unha de ditas cintas reflectoras deberán ter alomenos uns 50 mm de anchura aproximadamente, ou ben, terán a anchura que se esixa para que o impermeable poida certificarse como EPI e cumpra a norma de alta visibilidade (norma EN ISO 20471).

O impermeable leva presilla ou pequena peza para suxeitar o micro en ambos os dous lados do peito.

Na parte frontal esquerda, dun tamaño de 12 mm por 120 mm. Levará a lenda "POLICIA LOCAL" en letras soltas de cor gris e reflectora cunha bandeira de Galicia intercalada entre as dúas palabras. Esta persoalización descrita de rotulacións e textos ten un carácter orientativo. A persoalización da serigrafía e da imaxe corporativa

que se incorpore de carácter definitivo a esta peza lle será validada ao adxudicatario por parte da xefatura de servizo de Policía Municipal de Santiago.

Lombo (parte traseira do impermeable):

Ao igual que as partes dianteiras a parte do lombo será de cor amarela de alta visibilidade.

A parte traseira do impermeable tamén levará as correspondentes cintas horizontais de material retroreflectante de cor branco-gris prata de alta visibilidade (EN ISO 20471) xa descritas nos apartados anteriores.

A parte traseira do impermeable estará persoalizada, levando a lenda con texto de "POLICIA LOCAL" en letras soltas de cor gris e reflectora. Incorporará a imaxe da bandeira de Galicia, intercalada entre as dúas palabras. As dimensións son 320 x 25 mm aproximadamente. Esta persoalización descrita de rotulacións e textos ten un carácter orientativo. A persoalización da serigrafía e da imaxe corporativa que se incorpore de carácter definitivo a esta peza lle será validada ao adxudicatario por parte da xefatura de servizo de Policía Municipal de Santiago.

Pescozo:

O pescozo levará un tapabocas, solapa ou sistema similar para protexer o pescozo do rozamento coa cremalleira. A carapucha poderase repregar e gardar no pescozo. seus extremos únense coa cremalleira do dianteiro.

O pescozo estará formado por varias pezas e concretamente a peza exterior que garda a carapucha levará broches de presión para o peche.

Ombreiros:

Na parte superior dos ombreiros levará peza de tipo canutillo ou elemento porta-galóns de 90 mm de longo aproximadamente e que deixa un paso libre de 42 mm aproximadamente cara á manga e 35 mm cara ao escote de modo aproximado.

Aberturas laterais con cremalleira:

O impermeable levará aberturas amplas nos seus dous laterais ou costados inferiores. Ditas aberturas estarán pechadas con cremalleiras. O impermeable levará en ambos dous laterais unhas cremalleiras que aportarán maior facilidade para manipular armas e obxectos do cinto. As aberturas terán unha amplitude o suficiente como para facilitar o paso de armas.

As cremalleiras serán de tipo hidrofugado.

As aberturas e cremalleiras terán unha lonxitude aproximada de entre 300 mm e 400 mm de lonxitude.

Cada cremalleira terá 3 cursores para a súa regulación. A cremalleira e abertura lateral quedará oculta ou o máis disimulada posible por pestanas dobres ou sistema similar.

Caperuza do impermeable:

A capucha tamén será de tecido de cor amarelo fluorescente de alta visibilidade (a cor definida na norma EN ISO 20471). A capucha estará composta por varias pezas e cosida ao escote ou sistema similar.

A capucha, pola súa banda traseira e perimetralmente disporá de un túnel interno de 25 mm de ancho (aproximadamente) que estará dotado cun cordón interior. O cordón saírá do túnel ao exterior por un ollal ou similar. Este sistema levará un tapanudos e un tensor plano ou elemento similar de regulación que permita axustar o cordón e a capucha. A capucha levará unha viseira frontal.

COMPOSICIÓN, CARACTERÍSTICAS E MATERIAIS DO IMPERMEABLE:

O impermeable será confeccionado con tres capas textiles: unha primeira capa no exterior, unha capa a modo de membrana/lámina intermedia e por último o forro/capa interna.

A capa exterior será de nylon, ou poliéster ou poliuretano ou similar. Esta capa externa estará dotada das propiedades básicas de impermeabilidade que caracterizan a esta peza, ben intrinsecamente pola súa propia natureza, ou ben, mediante un tratamento hidrofugante dos tecidos.

Trala capa externa, o impermeable disporá de unha capa intermedia, dotada cunhas propiedades de transpirabilidade combinada con impermeabilidade baseadas no comportamento dos compoñentes e membranas de PTFE (politetrafluoroetileno) ou de Goretex ou similar.

Por último, o impermeable estará dotado de forro, malla ou capa interior, que será de poliamida ou poliéster ou materiais similares.

Serán termoseladas todas as costuras polas que puidera existir unha penetración de auga ao interior da peza. Non deberá haber fallos por queimaduras sobre os tecidos ou na cinta de termoselar. Non deberá haber ningún torcemento ou engurra perceptibles sobre costuras ou na cinta de termoselar.

A orientación, disposición, a distribución e a superficie total que ocupan todas as bandas de material retroreflectante de cor branca/gris prata (norma EN ISO 20471) que se describen neste prego que deben incorporarse no impermeable e as demais características descritas no prego e tamén especialmente a superficie total ocupada na peza de material de cor amarelo fluorescente de Alta Visibilidade (A.V.), serán dispostas e configuradas sobre a peza de modo que sempre queden supeditadas ao obxectivo de cumprir cos requisitos técnicos que se estipulan na norma europea EN ISO 20471 para acadar a máxima clase de visibilidade (a clase 3 dos EPI de Alta Visibilidade) na que se certificará este impermeable.

Marcado CE e certificación do impermeable como Equipo de Protección Individual (EPI):

Os impermeables deberán dispoñer de marcado CE e estarán certificados polo fabricante como un Equipo de Protección Individual (EPI) de acordo coa normativa e segundo a norma EN ISO 20471 e demais normativa concordante.

O impermeable como EPI de Alta Visibilidade cumprirá co R.D. 1407/1992, de 20 de novembro de 1992, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual (EPI), de conformidade coa Directiva Europea 89/686/CEE. Así mesmo deberá cumprir co disposto no novo Regulamento Europeo UE 2016/425, de 9 de marzo de 2016, relativo aos Equipos de Protección Individual (EPI).

A prestación de clase 3 (a clase de maior nivel de sinalización e visibilidade dos EPI) que se esixe para este impermeable (EPI, de Alta Visibilidade, de clase 3) deberá estar certificada en base á documentación de ensaio de mostra ou exame de tipo realizado por organismo notificado ou laboratorio técnico acreditado.

25.- DEFENSA FIXA SEMIRÍXIDA CON TAHALÍ DE SOPORTE.

Esta defensa fixa será un medio técnico de dotación individual para policías municipais segundo o Decreto 60/2010, de 8 de abril, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais, en materia de uniformidade, acreditación e medios técnicos.

DESCRICIÓN:

O corpo desta defensa será de unha soa peza fixa. A defensa será fabricada cun material plástico de Poliamida de composición especial denominado de forma abreviada como "PA6X", que é moi resistente, irrompible ante golpes no uso pero mantendo unha certa flexibilidade.

Polo deseño da defensa e polas propiedades mecánicas deste material especial "PA6X", a enerxía e vibración xerada co impacto durante o seu uso será absorbido na meirande parte polo propio corpo e material da defensa, reducindo a transmisión de golpes e vibracións á empuñadura e articulacións, polo que se previrán sobrecargas e lesións.

Ao mesmo tempo, a defensa terá que ter unha certa rixidez, aínda sendo unha defensa semiríxida, para que sexa tamén apta para uso en tarefas de conducións, reducións, inmovilizacións e/ou separacións.

A estética da defensa terá que ser moderna e resistente ao paso do tempo. Carecerá de costuras e de pinturas para reducir o deterioro estético ao longo da súa vida útil.

Esta defensa será de cor negro. A defensa disporá de empuñadura anatómica, de bo tacto e cómoda.

A defensa terá que vir cun tabón ou kubotán disimulado no extremo da empuñadura.

A lonxitude do corpo desta defensa estará comprendida entre os 60 cm e os 70 cm.

A defensa ten que vir dotada tamén de un tahalí de soporte da defensa, con dimensións e diámetros adaptados e compatibles. O tahalí será adecuado e adaptado á suxeición e soporte desta defensa ao cinto de policía. O tahalí será de cordura resistente e incorporará un aro metálico compatible coa súa función e dimensións.

26.-GRILLETES RÍXIDOS PLEGABLES CON FUNDA.

Estes grilletes serán un medio técnico de dotación individual para policías municipais segundo o Decreto 60/2010, de 8 de abril, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais, en materia de uniformidade, acreditación e medios técnicos.

DESCRICIÓN:

Serán grilletes ríxidos en aceiro inoxidable de alta calidade e resistencia (tipo stainless steel K70 ou similares prestacións e aliaxes) ou ben en aceiro con acabado en níquel de boa calidade.

Os grilletes incorporarán unha moldura de agarre da parte central con acabado de polímero ou similar de cor negra. Os grilletes serán plegables mediante bisagra central para aumentar a comodidade na portabilidade dos grilletes. Os grilletes terán pechadura por ambos lados. Os grilletes estarán deseñados para que se localice o peche o máis fácil posible, mesmo en condicións de falta de luz e na escuridade.

Os grilletes disporán de tres barras de trinquete flotantes independentes, contando cada barra con seis dentes. O total de dentes deberá ofrecer unha ampla gama de posicións de peche e unha circunferencia

grande. Os grilletes estarán dotados dun mecanismo de precarga para axilizar a colocación. Os mecanismos dos grilletes serán precisos. Terán o mecanismo de peche dobre. Cada grillete deberá fornecerse con 2 chaves estándar. O peso dos grilletes non debe superar os 455 gramos.

Cada grillete será subministrado xunto coa funda correspondente que será adaptada para as características e dimensións dos grilletes. A funda será cómoda para a boa portabilidade dos grilletes.

Valoraranse positivamente os licitadores cuxos grilletes cumpran coa normativa N.I.J. STD 0307.01.

27.-LANTERNA INDIVIDUAL CON FUNDA.

DESCRICIÓN:

Será unha lanterna portátil para o uso individual no traballo do policía, sobre todo, para uso nas quendas e horarios nocturnos ou en recintos carentes de luz. A lanterna se subministrará coa súa propia batería de tipo recargable. A batería da lanterna será de tecnoloxía de ións ou polímeros de litio.

A lanterna terá unhas dimensións reducidas para que sexa lixeira, portátil, fácil e cómoda no seu transporte, ben no cinto da uniformidade policial, ou ben dentro dun peto.

A lanterna terá un micro-controlador interno regulador da enerxía de luz dotado con función para elixir distintos modos de iluminación e/ou niveis de intensidade/potencia.

A lanterna terá regulación manual da amplitude do foco do luz (sistema de enfoque avanzado), que facilite o enfoque da lente/reflector mesmo cunha soa man.

A lanterna se debe subministrar cun sistema para recargar a súa batería. O sistema de recarga estará dotado dun elemento/base de soporte/acople e conexión de tipo magnético que permitirá a recarga da batería da lanterna. Tamén deberá vir dotada do cable que permita a recarga de batería nunha toma USB de corrente.

Cada lanterna que se subministre virá dotada cun maletín, caixa ou bolsa. Con cada caixa/maletín/bolsa de lanterna se subministrará: a propia lanterna, a batería recargable da lanterna, o sistema de soporte/elemento para recarga con soporte/acople magnético, o cargador/transformador eléctrico para alimentación do sistema de recarga con enchufe normalizado para tomas de corrente alterna de 220/240V-50Hz, o cable que permita a recarga por USB, unha funda negra para gardar e transportar a lanterna con clip/sistema para a suxeición da lanterna no cinto.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:

Fonte emisora de luz: diodo LED de alta potencia (tipo CREE ou similares) e luz branca.

Carcasa da lanterna: metálica, de construción robusta e lixeira, resistente á humidade e á corrosión e con formato cilíndrico. A carcasa será de cor negro ou gris escuro.

Lonxitude da lanterna: máximo 130 mm.

Peso: máximo 110 gramos.

Fluxo luminoso: maior a 200 lumens.

Alcance de luz: mínimo 200 metros.

Capacidade de batería: superior a 600 mAh.

Autonomía/duración: mínima de 8 horas.

28.- FUNDA DE ARMA ANTIFURTO.

Estas fundas para o arma de fogo serán un medio técnico de dotación individual para policía municipais segundo o Decreto 60/2010, de 8 de abril, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, en materia de uniformidade, acreditación e medios técnicos.

DESCRIPCIÓN:

Será unha funda de arma de uso profesional para porte externo e de cor negra. A funda poderá ser fabricada en coiro como material principal, ou ben, con material textil sintético (cordura ou similar) ou en polímero plástico de alta resistencia ou nunha combinación de materiais. A funda terá un acabado interior que sexa resistente ao deterioro polos roces e o uso. A cara interna ou forro interior da funda deberá impedir na medida do posible a emisión de ruído por folgura, golpes, fricción ou manipulación e extracción de arma e tamén evitará as raiaduras ou arañazos. Os acabados da funda de arma, tanto polo seu exterior como polo seu interior carecerán de aristas agudas ou bordes afiados ou elementos que poidan provocar danos á persoa, roces, molestias ou enganche coa roupa.

Os licitadores deberán garantir que esta funda de arma estea dispoñible para o subministro ao concello en modelos diferenciados para usuarios destros e tamén modelos de funda de arma específicos para usuarios zurdos.

A funda deberá posuír características antifurto e retención da arma dentro da funda que ofrezan protección e seguridade aos axentes contra a sustración ou perda da súa arma de fogo. Valoraranse positivamente as ofertas de aqueles licitadores cuxo modelo de funda dispoña de varios niveis ou sistemas de seguridade complementarios, ou características ou elementos de seguridade adicionais a maiores do seu elemento/mecanismo de retención básico antifurto, sempre e cando estas características ou prestacións adicionais non dificulten ou entorpezan a portabilidade e manexo da arma polo seu usuario.

Deberase ofrecer polos licitadores, un modelo de funda de arma especificamente adaptado ou compatible para o seu uso coa pistola Walther P99. O adxudicatario tamén deberá subministrar unidades de fundas compatibles para o uso con outros modelos distintos de pistola de dotación dos axentes segundo as necesidades que poidan ir xurdindo no servizo de policía municipal de Santiago durante a execución e vixencia do contrato.

As fundas de arma deberán estar deseñadas e fabricadas para ofrecer seguridade e tamén comodidade, ergonomía e lixeireza, tendo en conta que se van usar en períodos longos de tempo suxeitas ao cinto de traballo e realizando outras tarefas tanto en bipedestación como en sedestación (condución de vehículos policiais, por exemplo).

A funda deberá dispoñer de un sistema de ancoraxe ao cinto de traballo propio da uniformidade do corpo da policía municipal. Valoraranse positivamente as ofertas de aqueles licitadores cuxo modelo de funda inclúa ou dispoña opcionalmente de varios módulos de ancoraxe acoplables coa funda para distintos usos, ou ben, que a funda dispoña dunha ancoraxe ao cinto que estea dotada de sistemas que permita, ou efectuar unha regulación manual da altura da arma segundo a necesidade e preferencia individual do usuario/a, ou por exemplo, o axuste da inclinación do arma e fixar unha posición cun ángulo concreto de rotación.

Será imprescindible que a documentación da oferta de cada un dos licitadores describa a funda, os seus materiais e características e que se xustifique na oferta como se cumpren coas condicións técnicas esixidas neste prego.

29. - ARNÉS TÁCTICO PARA FUNDA EN MUSLO

Con dúas correas para a perna en unha para o cinto, que incorpora unha solta rápida. Ten que ter tres anclaxes, dous para accesorios e unha para a funda. Ten que poder adaptarse á funda de pistola Safariland.

30. - BATERÍA PARA LANTERNA INDIVIDUAL

Batería recargable compatible coa lanterna "LED LENSER P5R". IÓN LITIO MAH 3,7 V 2,59WH.

31. - CARTEIRA PORTA DOCUMENTACIÓN

Pel vacún. Protectores metálicos en esquinas. Visor interior para placa e carné profesional.

32. - DEFENSA EXTENSIBLE CON FUNDA

Bastón policial extensible lixeiro e resistente.

- Función: por fricción.
- Extensión: por inercia.
- Bloqueo: por fricción dos tramos.
- Fabricación: Aluminio 7075
- Dimensións: Pechada 20 cm. Extendida: 51 cm.
- Peso: Superior a 240 gr. e inferior a 260 gr.
- Empuñadura: negra de polivinilo antiesvarante de alta resistencia de aspectos foam.
- Garantía mínima: Dez anos.

FUNDA:

- Ríxida.
- Deseñada especificamente para a defensa descrita.
- Con soporte para cinto de forma que este teña que pasar por medio e axustable ao ancho do cinto para unha perfecta fixación.
- Material de construción: polímero e rotatoria 360°.
- Aperturas: Inferior, para permitir o aloxamento da defensa extendida. Exterior, para permitir o desaloxo lateral da defensa
- Cor: NEGRA

33. - LUVAS TÉRMICAS

Luvax de cor negra en pel vacún. Tratamento hífrófuco. Reforzos de pel en palma. Venas en dorso. Axuste elástico en pulso. Membrana PTFE. Resistencia ao corte: Nivel 5.

34. - MOCHILA TRANSPORTE DE MATERIAL

Aspecto exterior completamente panelado con anclaxes tipo MOLLE.

- Catro petos ou compartimentos: o principal de gran tamaño e apertura completa, un intermedio de apertura ata a metade da mochila e dous exteriores (un superior máis pequeno e outro inferior un pouco máis grande).
- Tódolos petos deberán contar con dobre cremalleira.
- Argolas: D- Ring nas correas para os ombreiros (unha a cada lado).
- Correa de fixación lumbar.
- Asa de agarre e transporte manual na súa parte superior.
- Cintas de compresión lateral e inferiores.
- (*) Capacidade de carga: 36 litros.
- (*) Tamaño: 51 x 29 x 28 cm.
- (*) Peso: 1,6 kg. (vacía).
- Tecido: Poliéster 100%, recuberto con cloruro de polivinilo.
- Acolchado: espuma EVA (550 g/gm).
- Cor: NEGRA
- (*) Non se admitirán modelos cunha variación superior ou inferior ao 5% do establecido.

35.- MULTIFERRAMENTAS

Multiferramentas de aceiro inoxidable con funda.

Mínimo 10 utensilios.

36. – PETO REFLECTOR ALTA VISIBILIDADE

Peto alta visibilidade clase 2, categoría 2 norma EN 471.

100% Poliéster cor amarelo flúor. Vivo mariño peche cremalleira.

Barras reflectantes cosidas: 2 en horizontal por todo o contorno e 2 en vertical dianteiro a traseiro pasando polos ombreiros.

Textos en reflectante gris de Policía Local máis trazos bandeira de Galicia termofixados en peito e espalda.

Óvalo velcro suave amarelo flúor en peito.

NOTA:

Tódalas prendas que incorporen distintivos externos, tanto escudos de brazo como a placa identificativa, deberán ir dotadas dun sistema tipo velcro que permita o seu pegado/despegado.

Ademais tódalas prendas que incorporen distintivos externos, tanto escudos de brazo como a placa identificativa terán que vir con elas e o número personalizado de cada axente.

As empresas adjudicatarias efectuarán as tallaxes dun xeito individualizado, tendo sempre en conta ao persoal feminino en canto á morfoloxía propia.

Santiago de Compostela, outubro de 2019



POLICÍA LOCAL DE SANTIAGO
XEFATURA

UNIFORMIDADE POLICIA LOCAL ANO 2018

LOTE A


PRENDAS DE CONFECCIÓN A MEDIDA

UNIDADES	CONCEPTO
18	CAMISAS BRANCAS DE GALA
81	CAMISETAS INTERIORES
23	CAZADORAS TIPO POLAR
3	CHAQUETAS DE GALA
6	CHAQUETÓNS
1	GRAVATA
97	PANTALÓNS DE FAENA INVERNO
82	PANTALÓNS DE FAENA VERÁN
5	PANTALÓNS TEA DE GALA
272	PARES DE CALCETÍNS DE INVERNO
291	PARES DE CALCETÍNS DE VERÁN
109	POLOS DE MANGA CURTA
115	POLOS DE MANGA LONGA
1	SAIA DE TEA DE GALA
35	SUÉTERS TIPO POLAR

LOTE B

COMPLEMENTOS

UNIDADES	CONCEPTO
20	ASUBÍOS DE PLÁSTICO CON CADEA
49	ARNES TACTICO PARA FUNDA EN MUSLO
54	BATERÍAS LANTERNA INDIVIDUAL PARA CINTO
22	CARTEIRAS PORTA DOCUMENTACIÓN
26	CINTOS PARA PANTALÓN FAENA (DOBRE CINTO)
13	CINTOS PARA PANTALÓN RECTO
7	DEFENSAS SEMIRRÍXIDAS CON TAHALI
24	DEFENSAS EXTENSIBLES CON FUNDA
6	FUNDAS ARMA ANTIFURTO PARA "WALTHER P99"
35	FUNDAS EXTERIORES PETO INTERIOR PROTECCIÓN BALÍSTICA
6	FUNDAS DE GRILLETES RÍXIDOS PLEGABLES
26	GORRAS TIPO BÉISBOL
1	GORRAS PRATO DE GALA
2	GRILLETES RÍXIDOS PLEGABLES
70	LANTERNAS INDIVIDUAIS PARA CINTO
67	MOCHILAS TRANSPORTE MATERIAL
47	MULTIFERRAMENTAS
55	PARES DE DIVISAS
20	PARES DE LUVAS ANTICORTE



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

POLICÍA LOCAL

34	PARES DE LUVAS DE GALA
40	PARES DE LUVAS TÉRMICAS
10	PETOS INTERIORES PROTECCION BALÍSTICA
14	PETOS REFLECTORES ALTA VISIBILIDADE
13	PORTA LUVAS PARA CINTO
13	PORTA TALONARIOS PARA CINTO
28	QUENTAPESCOZOS-BUFANDAS PROTECTORAS

LOTE C
CALZADO

UNIDADES	CONCEPTO
55	PARES DE BOTAS DE INVERNO
41	PARES DE BOTAS DE VERÁN
43	PARES DE ZAPATOS DE PEL (VERÁN)
42	PARES DE ZAPATOS CON MEMBRANA TRANSPIRABLE (INVERNO)


LOTE D
PRENDAS PARA O AUGA

UNIDADES	CONCEPTO
19	COBREPANTALÓNS (PANTALÓN DE AUGA)
10	PARES DE BOTAS DE AUGA

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2018
O inspector principal xefe accidental da Policía Local



Asdo / José Manuel Traba Gesto



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

POLICÍA LOCAL

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS MÍNIMAS PRENDAS UNIFORMIDADE POLICÍA

ARNÉS TÁCTICO PARA FUNDA EN MUSLO

Con dous correas para a perna e unha para o cinto, que incorpora unha solta rápida. Ten que ter tres anclaxes; dous para accesorios e un para a fúnda. Ten que poder adaptarse a fúnda de pistola Safariland.

BATERÍAS LANTERNA INDIVIDUAL PARA CINTO

Batería recargable compatible con lanterna "LED LENSER P5R".
IÓN-LITIO MAH 3,7V 2,59WH.

BOTAS DE INVERNO

Pel negra hidrofugada de 2-2.2 mm de espesor. Fio da gornición exterior/interior hidrofugado. Colariño e fol de empeine de napa pel hidrofugada e bombeada. Solas de goma especiais antiesvarantes resistentes a aceites e ácidos. Protección en punteira. Membrana PTFE. Costuras termoseladas. Reforzos especiais termoconformados sobre membrana en zona interior de máxima fricción. Ganchos especiais antioxidantes para cordóns. Cordóns hidrofugados de máxima resistencia. Soleta interior acolchada, extraíble e termoformada.

BOTAS DE VERÁN

Pel negra 2-2.2 mm de espesor e cordura resinada foamizada. Dobre respunte. Acolchamento en parte superior da cana en pel afelpada. Solas de goma especiais antiesvarantes resistentes a aceites e ácidos. Piso vulcanizado directo ao corte. Forma ergonómica de balanceo que facilite a saída do pé.

CAMISETA INTERIOR

Tecido de aislamento térmico ao exterior. Evacuación da humidade do corpo ao exterior para evitar enfriamento por causas da humidade corporal. Propiedade antibacteriana para evitar olores. Tecido bielástico. 100% Poliéster.

CALCETÍNS INVERNO


Termorregulador de inverno. Mínimo tecido termorregulador 70%.

CALCETÍNS VERÁN

Compatibles con uso de calzado con membrana. Mínimo tecido térmico 80%.

CARTEIRA PORTA DOCUMENTACIÓN

Pel vacún. Protectores metálicos en esquinas. Visor interior para placa e carné profesional.



CONCELLO DE SANTIAGO

POLICIA LOCAL

CAZADORA TIPO POLAR

Forro desmontable. Membrana PTFE. Tecido: poliéster 100%. Revestimento interior 100% poliéster. Resistencia á formación de pilling 2000 ciclos ambas caras.

COBREPANTALÓN (PANTALÓN DE AUGA)

Membrana PTFE.

CINTO PARA PANTALÓN FAENA (DOBRE CINTO)

Cinta de contacto co cinto exterior será a que leve a cinta "macho" e a cinta de contacto do cinto interior será a cinta "femia".

CHAQUETÓN

Forro desmontable polar. Membrana PTFE. Tecido: poliéster 100%.

DEFENSA SEMIRRÍXIDA CON TAHALÍ

De coiro. Lonxitude 60 cm.

DEFENSA EXTENSIBLE CON FUNDA

Bastón policial extensible lixeiro e resistente.


- Función: por fricción.
- Extensión: por inercia.
- Bloqueo: por fricción dos tramos.
- Fabricación: Aluminio 7075
- Dimensións: Pechada 20 cm. Extendida: 51 cm.
- Peso: Superior a 240 gr. e inferior a 260 gr.
- Empuñadura: negra de polivinilo antiesvarante de alta resistencia de aspectos foam.
- Garantía mínima: Dez anos.

FUNDA:

- Ríxida.
- Deseñada especificamente para a defensa descrita.
- Con soporte para cinto de forma que éste teña que pasar por medio e axustable ao ancho do cinto para unha perfecta fixación.
- Material de construción: polímero e rotatoria 360°.
- Aperturas: Inferior, para permitir o aloxamento da defensa extendida. Exterior, para permitir o desaloxo lateral da defensa
- Cor: NEGRA

FUNDA EXTERIOR DE PETO INTERIOR PROTECCIÓN BALÍSTICA

Terase que axustar perfectamente aos paneis balísticos nos seus distintos tallas para evitar que estes se poidan mover o máis mínimo unha vez introducidos dentro da funda. Respetará o deseño utilizado para o resto da uniformidade. Estará confeccionada nun tecido 3D para facilitar a circulación do aire entre o corpo do/da policía e o peto. Levará axustes laterais mediante cintas de velcro e elásticos.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

POLICÍA LOCAL

Levará presillas portamico sobre as lapelas de axuste dos ombreiros.

Levará na parte frontal, igual que outra prenda exterior da uniformidade, un velcro ou sistema similar que permita a fixación da placa-insignia e as divisas de graduación. Na parte inferior da cara interior levará aperturas, pechadas mediante velcro, para a incorporación dos paneis balísticos.

FUNDA DE GRILLETES RÍXIDOS PLEGABLES

De coiro de cor negra.

GRILLETES RÍXIDOS PLEGABLES

Barras de trinquete independentes: 3.

Dentes cada barra: 6.

Mecanismo de precarga para axiliza-la colocación.

Norma NIJ 0307.01 - Peso 455 gr.

LANTERNAS INDIVIDUAIS PARA CINTO

Con funda. Sistema de alumeado tipo led mínimo 270 lúmens. Alcalce mínimo 240 m . Recargable con cargador magnético con batería ión/litio. Cono sinalizador amarelo.

LUVAS ANTICORTE

Niveles mínimos: Abrasión: 3, Corte: 5, Rasgado: 4, Perforación: 2. De cor negra.

LUVAS TÉRMICAS

Luvras de cor negra en pel vacún. Tratamento hifrófugo. Reforzos de pel en palma. Venas en dorso. Axuste elástico en pulso. Membrana PTFE. Resistencia ao corte: Nivel 5.

MOCHILA TRANSPORTE DE MATERIAL

Aspecto exterior completamente panelado con anclaxes tipo MOLLE.
- Catro petos ou compartimentos: o principal de gran tamaño e apertura completa, un intermedio de apertura ata a metade da mochila e dous exteriores (un superior máis pequeno e outro inferior un pouco máis grande).

- Tódolos petos deberán contar con dobre cremalleira.

- Argolas: D- Ring nas correas para os ombreiros (unha a cada lado).

- Correa de fixación lumbar.

- Asa de agarre e transporte manual na súa parte superior.

- Cintas de compresión lateral e inferiores.

- (*) Capacidade de carga: 36 litros.


- (*) Tamaño: 51 x 29 x 28 cm.

- (*) Peso: 1,6 kg. (vacía).

- Tecido: Poliéster 100%, recuberto con cloruro de polivinilo.

- Acolchado: espuma EVA (550 g/gm).

- Cor: NEGRA



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

POLICÍA LOCAL

- (*) Non se admitirán modelos cunha variación superior ou inferior ao 5% do establecido.

MULTIFERRAMENTAS

Multiferramentas de aceiro inoxidable con funda.
Mínimo 10 utensilios.

PANTALÓN FAENA INVERNO

Bielástico. Repelente ao auga. Antialérxico.

PANTALÓN FAENA VERÁN

Tecido fino. Bielástico. Repelente ao auga. Antialérxico.

PETO INTERIOR PROTECCIÓN BALÍSTICA PERSOAL

Deberá adaptarse á lexislación xeral e específica vixente.
As características técnicas mínimas específicas estarán a disposición dos licitantes tanto na Xefatura da Policía coma no Negociado de Contratación.

PETO REFLECTOR ALTA VISIBILIDADE

Peto alta visibilidade clase 2, categoría 2 norma EN 471.
100% Poliéster cor amarelo flúor. Vivo mariño peche cremalleira.
Barras reflectantes cosidas: 2 en horizontal por todo o contorno e 2 en vertical dianteiro a traseiro pasando polos ombreiros.
Textos en reflectante gris de Policía Local máis trazos bandeira de Galicia termofixados en peito e espalda.
Óvalo velcro suave amarelo flúor en peito.

POLO MANGA LONGA

Tecido principal térmico, absorbente de humidade corporal.
Poliéster 100%. Transpirable e antiolor. Tratamento antibacteriano. Baixa acumulación de humidade. Resistente ao pilling. Non necesidade de pasar o ferro. Alta rapidez de secado.

POLO MANGA CURTA


Tecido principal térmico, absorbente de humidade corporal.
Poliéster 100%. Transpirable e antiolor. Tratamento antibacteriano. Baixa acumulación de humidade. Resistente ao pilling. Non necesidade de pasar o ferro. Alta rapidez de secado.

PORTATALONARIOS PARA CINTO

Tecido en cordura . Cor negra. Dimensións 18x13x2,5 cm.

QUENTAPESCOZO PROTECTOR

Membrana cortaventos.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

POLICÍA LOCAL

SUÉTER TIPO POLAR

Tecido de aislamiento térmico ao exterior. Evacuación de humidade do corpo ao exterior para evitar enfriamento por causas da humidade corporal. Propiedade antibacteriana para evitar olores. Tecido bielástico. 100% poliéster.

ZAPATOS INVERNO CON MEMBRANA TRANSPIRABLE

Pel negra hidrofugada. Solas de goma especiais antiesvarantes resistentes a aceites e ácidos. Costuras termoseladas. Cordóns hidrofugados de máxima resistencia. Membrana PTFE.

ZAPATOS VERÁN DE PEL

Pel negra hidrofugada. Solas de goma especiais antiesvarantes resistentes a aceites e ácidos. Costuras termoseladas. Cordóns hidrofugados de máxima resistencia. Soleta interior acolchada, extraíble e termoformada.

NOTA:

Tódalas prendas que incorporen distintivos externos, tanto escudos de brazo como a placa identificativa, deberán ir dotadas dun sistema tipo velcro que permita o seu pegado/despegado.

Ademais tódalas prendas que incorporen distintivos externos, tanto escudos de brazo como a placa identificativa teran que vir con elas e o número personalizado de cada axente.

As empresas adxudicatarias efectuarán as tallaxes dun xeito individualizado, tendo sempre en conta ao persoal feminino en canto á morfoloxía propia.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2018

O inspector principal xefe accidental da Policía Local



Asdo./ José Manuel Traba Gesto